

nº 57  
Decembro 2012



# xermolos

ASOCIACIÓN CULTURAL DE GUITIRIZ

O Casón  
25 anos  
despois

## xermolo



O PASO DO CASÓN POR GUITIRIZ,  
UN ANO DESPOIS

II Etapa Ano VII n.º 26 Nadal-88  
A. C. XERMOLOS de Guitiriz

# artista convidado

## J. M. Álvarez

O Artista Convidado desta Revista Xermolos é un dos fotógrafos máis coñecidos na nosa terra... Desde o ano 1974 ven adicando os seus afáns á fotografía artística, e a miúdo percorre as nosas rúas e corredoiras na procura dunha instantánea que eternizar co seu obxectivo. Detrás da imaxe quedan miles de experiencias e vivencias, como aquela noite-mañá que estivo con nosoutros compartindo a loita contra os bidóns. Mais, o seu camiñar cos aparellos ó lombo, escribirémolo noutra xeira.

Froito do seu andar hai moitas reportaxes fotográficas, e algunhas delas convertíronse en exposicións; a última foi unha de fotos de prensa no Ateneo de A Coruña, e agora mesmo prepara outra sobre o tema da morte en Galicia, organizada polo Centro de Estudos Fotográficos de Pontevedra e que poderá ser visitada na Fotobienal de Vigo. Atrás quedan máis de vinte exposicións da súa arte; máis da metade individuais e outras en grupo.

O traballo forte de Álvarez é o xornalismo gráfico, sobor de todo no xornal de Lugo: «El Progreso», onde traballa a cotío. Mais non só os veciños de Lugo almorzan coas imaxes do noso artista; moitas das súas fotos deron a volta ó mundo, a través da Axencia Efe, da que Álvarez foi corresponsal en Lugo, durante dez anos, e á que segue mandando os seus traballos. Outras publicacións como Interviu, El Caso, El País reproduciron mostras da súa arte probada.

En 1982 colabora no libro: «Lugo, cita con dos siglos», que é unha obra de investigación, pois recolle máis de trescentas cincuenta fotos do Lugo do século pasado e de comezos do vinte... Un arquivo particular que X. M. Álvarez axudou a recuperar. Xunto coa aportación de Álvarez inclúense no libro traballos de Trapero Pardo, Ánxel Fole e Adolfo de Abel Vilela.

**El Progreso**  
LUGO, viernes, 11 de diciembre de 1987 — AÑO LXXXI — N.º 25.031 — Fundado en 1908 por el Sr. D. Rufino de Cea y Mela — PRECIO: 60 P.TAS. — DIRECTOR: JOSÉ DE CORTA PARODIA

**Una serie de explosiones en el "Cason" provocaron una nube tóxica que tomó dirección sureste Evacuadas Fisterra, Cee y Corcubión**

La evacuación de las localidades de Fisterra, Cee y Corcubión, las más próximas a la zona donde está encallado el "Cason" buque cargado de materias químicas en el que a última hora de la tarde se produjeron explosiones, recibieron el orden del Gobierno Civil para ser evacuadas, ante la presencia de una nube tóxica que tomó dirección sureste.

Para ello se puso en marcha el operativo que estaba preparado tanto por lo que a Protección Civil se refiere como la Xunta de Galicia.

Bastante antes de darse esta orden, y desde hace dos días, habían marchado de Fisterra cerca de un millar de sus tres mil habitantes y los demás se concentraron a primera hora de la noche de ayer en las calles buscando un medio de transporte.

Otras residencias se han habitado en el Pabellón de los Deportes de A Coruña y en otros pueblos de la provincia de evacuación, el Gobierno Civil ordenó a los autobuses que tenía preparados que se trasladaran a la zona par recoger a aquellas personas que no tienen medio de transporte propio.

La Xunta de Galicia, cuya competencia se centra en la preparación de alojamientos y comedas, estableció un dispositivo de recepción que cubre las localidades de Murroa, Noia y, sobre todo, Santiago de Compostela, donde se estableció una oficina de recepción en el colegio Pío XII.

También están previstas, en Santiago otras residencias de gran calidad como el Seminario Menor, convento de San Francisco, Escuela de Hostelería y colegios de La Salle, San Lázaro y Sergude.

Tras señalar que la Xunta de Galicia ha puesto en marcha todos los dispositivos para un caso de emergencia y que ya han comenzado a funcionar desde que comenzó la evacuación, González Laxe se refirió a la aparición de la nube de gas tóxico.

En este sentido el presidente gallego informó que los evacuados que se dirijen a Santiago de Compostela deben de seguir la carretera de Carnota-Muroa y Noia, eligiendo así la ruta de la costa para llegar a la ciudad compostelana, evitando el máximo roce atmosférico con esta nube de gas tóxico.

La nube, según el Centro Meteorológico Zonal de A Coruña puede dirigirse, según los vientos, hacia el sureste.

El presidente del ejecutivo autonómico agregó que ya están dispuestos los alojamientos y que el ejecutivo, especialmente las consellerías de Presidencia, Sanidad y Pesca se encuentran en reunión permanente en los edificios administrativos de San Caeetano.

Toda la zona de Fisterra ha sido evacuada ante el peligro que representaba la nube tóxica

**Los vecinos detuvieron tres camiones que los conducían a primera hora de hoy Indignación en Guitiriz por el traslado de los bidones tóxicos al campamento de Parga**

El anuncio de que los 255 bidones de mercancías peligrosas y tóxicas que transportaba el "Cason" iban a ser depositados en el antiguo campamento militar de Santa Cruz de Parga ha provocado la indignación general entre vecinos y autoridades del municipio de Guitiriz, así como de otros puntos de la provincia lucense.

Al ser de las compañías de Guitiriz, la mayoría del pueblo se concentró a primeras horas de hoy ante el Ayuntamiento de la villa, mientras alrededor de cuarenta guardias civiles vigilaban la entrada del campamento de Santa Cruz de Parga, a donde había llegado el gobernador civil de la provincia, Juan Manuel Iglesias Rivera.

Alrededor de la una de hoy llegaron a Guitiriz tres de los camiones que trasladaban los residuos desde Fisterra. A la hora de cerrar esta edición los tres vehículos habían sido detenidos por los vecinos organizados en la travesía de Guitiriz mientras vehículos particulares impedían el tránsito por la carretera nacional. Los bidones, que continúan rotos y fermentados, dos de las sustancias más peligrosas que figuran a bordo del "Cason", habían iniciado su viaje dos horas antes, aunque el jefe militar al frente del campamento de Parga manifestó a El Progreso a última hora de ayer, que no tenían noticias del traslado.

Por su parte, el coronel Antonio Castañó, gobernador militar de Lugo, declaró a este periódico que el Ejército ha decidido permitir el traslado de los residuos a Parga, hasta que se los puedan llevar. "No hay peligro alguno", agregó el coronel Castañó.

En la Capitana General de la VIII Brigada Militar ni se confirmó ni se desmintió la noticia, ya que el oficial de guardia a primeras horas de la noche "no sabía nada del asunto".

Por su parte, el alcalde de Guitiriz, Francisco Fernández Santos, mostró su total indignación por el almacenamiento de los bidones en Parga. "Se llevan SIBOGAS y nos traen los bidones", declaró el señor Fernández Santos para explicar contan-

dentamente a contraluz por la media.

Los vecinos del municipio iniciaron ayer noche movilizaciones en torno al traslado, mostrando su preocupación por la presencia de las sustancias tóxicas en el campamento lucense, informó Carlos Tomás.

La inquietud era todavía mayor a la vista de las declaraciones del alcalde de Fisterra, Valentín Castiella, cuando ayer pedía calma a sus vecinos diciendo que la situación de peligro había sido ya superada con la retirada de las sustancias más tóxicas, ya que lo que para Fisterra significaba retirada, para Guitiriz era llegada. Todo ello antes de comenzar las explosiones en el "Cason".

El alcalde de Guitiriz y un numeroso grupo de vecinos se trasladó a primeras horas de hoy hasta Santa Cruz de Parga, a donde se esperaba que llegaran los bidones a lo largo de la noche. Alrededor de cuarenta coches particulares y tractores habían sido apartados en las inmediaciones del campamento para impedir el paso de los camiones. Las sustancias fueron trasladadas en camiones de RRNFE, custodiadas por cuatro o cinco coches de la Guardia Civil.

Cándido Sánchez Castilleiras, antes de conocer las explosiones del "Cason", hizo patente su indignación por el traslado de los bidones con una frase bien gráfica: "Toda la mierda nos cae en Lugo".

¿EL REGALO PARA ESTAS FECHAS?

**ARTICULOS DEPORTIVOS**

ABRIMOS LOS SABADOS POR LA TARDE

**BOURIO deportes**

SAN MARCOS, 9 - LUGO

**SUS REVELADOS EN COLOR**

MAS RAPIDO Y MEJOR

*Lozbe*

Reina, 15 - LUGO

Agora queremos salienta-lo traballo cotián de Álvarez da man dos acontecementos de tódolos días; traballo calado e constante do que se achega ós entresixos de tódolos días na procura do que ten peso de historia; moito se pode percibir nas páxinas dos xornais, pero moito máis se garda para sempre no arquivo do xornal, e non só para ilustra-lo xornal de dentro de cen anos coa foto do acontecemento dun século antes, tamén para que os que veñan despois poidan atopar testemuñas do que aconteceu antes, por iso acadimos a Álvarez para que nos aporte o seu reflexo destes dous días que tamén fixeron historia en Guitiriz e na súa comarca.

# 25 anos son moito e non son nada

No inverno de 1987 unha treboada na Costa da Morte tivo tal intensidade que chegou a salpicar co salitre, este “mar en calma” que é a Chaira. Na tarde do 10 de decembro, co ruído das olas contra as rochas nos nosos ouvidos, as e os veciños destas terras. sentimos, de súbito, un cheiro a xofre que envolvía unha mala nova... Un mensaxeiro, dende un medio de comunicación, veu a diagnosticar a razón da noso espanto e desacougo... A cadea de despropósitos que orixinara o estoupido do Casón na Fisterra, intentaba castigar a nosa comarca coa súa deriva contaminante...

Aínda agardabamos que a novena ola, a que aclara as traxedias no mar, traería a bonanza que necesitabamos. Pero a escuridade que viña ameazándonos dende os cantís da Fisterra, foi medrando ata transformarse nun fatídico espectro de morte, á xeito dunha caveira... Un lento cortexo fúnebre, percorría media Galicia, para converter o noso recanto noutro cemiterio, agora duns bidóns que non eran capaces de aguantar o veneno e carga mortífera, que uns desalmados introduciran nos seus ventres, feridos pola violencia dunha política carroñenta, á que non lle importa rematar coa saúde da Nai Terra. Magoaran ata a morte, as limpas augas do océano, e agora querían arruinar o caudal das veas doces e pacíficas do noso terrón e d@s que tripamos por él: ríos, regatos, fontes...

Como laios de curuxas na noite negra, escoitamos chirriar nas Augas Longas, os ferros roídos daqueles camións tramados por tanta destrución que estaban a transportar. Seguindo o costume dos maiores tocamos as campás para escorrentar aquela treboada, e o toque á arrebatu puxo en pé ós que aínda non se enteraran. Pero a luz dos nosos ollos era máis forte que as brétemas de Santa Lucía. Foi verdade que naquel momento en Guitiriz, menguaron as noites e medraron abrentes de luz, unión, loita contra aquel cargamento de enerxía negativa, radioactiva ou o que fose, que enfiaba cara a entrada da vila.

Alí estábamos coma unha piña todas e todos, sen diferenza, e aquela caveira que nos viña ameazando dende Fisterra, estaba alí á altura dos nosos ollos, reducida pola presión dos veciños, que plantados á fronte en varias ringleiras, estaban dispostos a que non seguise o seu camiño destrutivo. Ó noso alcance xa descubrimos que non era unha, que eran tantas caveiras coma bidóns tiñamos diante. Naquela altura, os que levaban os camións, aínda non sabían o seu destino... Todo era un segredo a voces. A mercancía non enganaba, e os oficiantes e axentes que as acompañaban tampouco. As veciñas e veciños das terras de Guitiriz e Parga non querían un cemiterio nuclear nin en alta mar, nin no Campamento de Parga. As conversas, o diálogo, non frutificaba..., e mans á obra, fixemos barricadas con coches, tractores, madeiras, cos nosos corpos e espíritos. Todos a unha. A nosa voz rexa e segura deu a volta ó mundo.

## ANIVERSARIO, SI, CABODANO, NON

Aquelas tres xornadas foron unha crise de crecemento nas nosas vilas e aldeas. Ante aquel golpe de forza da prepotencia dos que se agochaban coas trampas do poder, nosotr@s utilizamos a palabra e a unión. Tivemos xuntanzas espontáneas a varias bandas. Convocouse ó pobo, facendo soar as campás a arrebatu, coa amplificación fomos mobilizando a centos de veciñ@s, ata crear unha muralla humana capaz de frear aquela invasión mortífera na nosa casa. Percorremos todas as aldeas, poñendo ós e ás veciñas en alerta, seguros de que a nosa identificación e comuñón coa paisaxe ía poder con aquela tiranía. O que escribe, no medio daquela demostración de forza, compartiu cos compañeiros estes versos de Fermín Bouza Brey, para contaxiar alento e quentar os nosos espíritos naquela noite tan fría e tan longa... Outra volta a arma da palabra e da poesía gañaba á violencia, a soidade dos corazóns e dos penedos da nosa comarca ía poder unha vez máis coa afrenta dos que asoballan:

## *Adeus*

*Teño pena das penas de O Buriz,  
afincadas, estóicas,  
na gándara asombrada  
da metralla e das bombas.*

*Nin os toxos verdexan  
nin as chorimas douran.  
Voan lonxe os paxaros  
e se arredran as pombas...  
Tan soio o lobo axexa  
as pasadas das poldras.*

*Teño pena das penas de O Buriz,  
isoladas, heróicas,  
cos seus peitos furados  
e cas entranas rotas,  
máis ergueitas e firmes  
en pé por antre as modias*

*como facendo garda  
a isas ideas outas  
ás que non matan as balas  
e ás que non trepan botas.  
¡Ouh, penas de O Buriz, tan arredadas,  
sen outro amor que os ventos e que as choivas!.*

*No meu espírito acollo  
a vosa voce fonda  
que me fala da Patria,  
que inda que a coidan morta.  
Está atal vós, acoitelada e firme,  
medrándose na loita,  
chantada eternamente  
na gándara da Historia.  
¡Ao decirvos adeus,  
levo en min vosa coita!*

(1972)

Era David contra Goliat, e ata desmontamos parte da loxística do aparato do estado, e artellamos pontes de unión e comprensión coa policía procedente de A Coruña, xa que algúns dos axentes tiñan aquí as súas familias, e vían razoable loitar pola súa saúde e seguridade física, antes que ser lacaios duns mandamáis que estaban a dar paus de cego á poboación, antes na Costa da Morte, e agora aquí.

Mesmo nas conversas que algúns mantivemos co Gobernador Civil, apreciamos que este, pouco a pouco, fora percibindo a madurez dun pobo que soubo reaccionar ante aquel atropelo. Foi o que quedou daquel enfrontamento, nin rastro de contaminación, e si a capacidade dun pobo de facer fronte a unha adversidade que nos inflixiran. Fronte ós desmáns e irracionalidade das autoridades, a nosa xente actuou con sentido, evitando males maiores, sen deixarnos envolver pola provocación duns gobernantes que só sabían pór lume á pólvora. Xa levabamos días liberándonos daquela atmosfera de fume e lume que dende Fisterra contaminaba o país.

25 anos despois é o que celebramos, esta capacidade de xestionar un conflito alongado varios días, dende propostas comunais. Naquela loita, só nos gañaron unha batalla, cando aproveitando a noite, e con toda a loxística e maquinaria do estado, quitaron os bidóns do campamento, rumbo á Mariña. O Gobernador Civil, sempre nos dicía que tiña que falar e consultar a

Madrid. Converterase nun asunto de estado, e as mañas deste eran moi poderosas. O Gobernador militar, xa a mañanciña do 11, montara o seu observatorio no Restaurante dos Mesóns.

Algún dos reforzos que chegaran de fóra, non entenderon o noso dereito a loitar pola saúde das criaturas e do medio ambiente, e foron creando naquel venres unha espiral de violencia inconcibible, ante a serenidade da nosa xente. Démoslle outra lección de como un pobo resiste ás provocacións con métodos pacíficos. Informámos ó gobernador que se aquela desfeita perduraba era posible a violencia. Advertímoslle que había algúns que gardaban as fouces debaixo da chaqueta, e outros tiveran acceso á dinamita, pero que todo estaba controlado grazas á unión e os debates que tiñamos a nivel privado e nas asembleas do Mesón da Cabra. Todas e todos, milleiros nalgún momento, respectaron a coordinación e as medidas propostas para poder canalizar dende a racionalidade os despropósitos que estaban a chovernos dende algúns políticos. E así autoinculpámonos todos diante do Xulgado de Vilalba cando detiveron a tres dos nosos veciños.

Nesta nova edición da revista do 1º aniversario, agora esgotada, volvemos a ver coma este episodio é e foi un manancial de creatividade que segue a aguillar os nosos devezos de unión, de loitar contra as desfeitas, de crear un presente e un futuro de dignidade para o noso pobo, que nesta xeira que estamos a vivir tamén fai moita falla.



*“Impedida a entrada dos camións nos Liñares de Guitiriz” (Foto Álvez)*

## Dous días que fixeron pobo e historia

Si, isto foi co que nos agasallaron non sabemos quén... Calquera diría que aquel xoves dez de Nadal que amenceu tan duro, cheo de ventos e de auga ía rematar daquel xeito: todos na rúa...

Non sabemos se hai un azar que move a historia, ou certas decisións dos homes, van encauzándoa por aquí ou por alá; ás veces a trompicons coma no caso que comentamos.

O que sí é verdade, é que sin comelo nin bebelo, vímonos envoltos nunha encrucillada. Á nosa porta chegou, quen o diría, aquel cheirume a veneno, que traía tolas ás autoridades autonómicas e ás outras, alá na Costa da Morte; viña mal embalado, coma casi tódalas cousas feitas á presa, e sen pensa-lo dúas veces.

Ó mesmo tempo chegaban a Guitiriz, os estoupidos e a lumeirada que alá en Fisterra envolvían ó Casón. Mentres tanto, os bidóns que se libraban da queima viñan cara aquí..., para

aquel campamento que tanta vida dera, noutros tempos, ó noso concello, e agora querían convertilo en cemiterio de non sei que sustancias.

Mais o noso pobo resistiuse a converterse en cemiterio de nada e de ninguén, e cortóulle-lo paso a aquelas caveiras que lles cheiraban mal. O olfato do pobo voltaba a funcionar certaímente.

Non sabemos quen quería se-lo enterrador das nosas esperanzas e ganas de vivir; quen foi o «cerebelo gris» que pensou que Guitiriz podía ser un bon cemiterio.

Mais estes guieiros, moitas veces asaltados, non sempre acertan, gracias a Deus, e cando queren impor a lousa enriba dun pobo ou dun individuo..., estes rexorden con novas forzas e con máis vida.

Isto aconteceu nas terras de Guitiriz e Parga ó longo destes días: un pobo que se agarrou á vida con tódalas forzas, e rexeitou o poder que asoballa, que aínda non coñece o diálogo e a soberanía dos pobos e das persoas, e todo o que cheira a mal: a enfermidade, a contaxio, as pragas...


Naquel intre apostamos pola vida e polo noso sentimento de solidaridade coma pobo, e gañámo-la guerra contra todo tipo de veneno, aínda que veña vestido de caramelo.



«As árbores cortan o paso na ponte de Bueiro». (Foto X. Carreira)



“As/os veciños sempre buscaron o diálogo”. (Foto El Progreso)



*“Unha estampa daquela noite do dez de Nadal: os representatantes do Concello de Guitiriz conversan cos responsables das forzas da orde, rodeados dunha nube de xornalistas”. (Foto Álvez)*



## Xoves 10 de Nadal do 87

Son as dez da noite, alguén dá a voz de alarma: os bidóns do embarrancamento do Casón veñen cara ó campamento de Parga. Pensamos que unha filtración a un medio de comunicación (TVG) rachou o segredo que quería envolver-la viaxe dos bidóns ó noso concello. As autoridades querían que os veciños do concello se erguesen coa nova de que aqueles bidóns que sementaron o pánico en Fisterra, estaban no corazón do concello de Guitiriz.

Mais as cousas non foron así... O alcalde de Guitiriz, que viña de ter unha xuntanza cos concellais para outras cousas, fala con algúns veciños para organizalo xeito de facer frente a aquilo que parecía a meirande afrenta ó noso pobo. O alcalde, responsable de Protección Civil no concello, non sabía nada daquel transporte perigoso polas estradas do seu dominio.

Desde o comezo, «a nocturnidade e aleivosía» do feito puxo en garda a todos. A mercancía non era boa, pois se non actuarían doutro xeito, dando información, e despois de todo o que se sabía que estaba pasando en Fisterra, aquela mesma noite tremendo cos estoupidos do Casón...

Un representante político da provincia da Coruña viña de dicir que os veciños da Costa da

Morte xa podían durmir tranquilos que os bidóns máis perigosos xa ían para o seu destino, segundo el moito máis seguro...

Moitos veciños de Guitiriz xa dormían; outros en familia, miraban a película da tele. Foron os veciños de Parga e Santa Cruz, os primeiros en pórse en camiño. Veñen a Guitiriz e falan coa xente de Xermolos. Mentres tanto, o alcalde que non disimula o seu enoxo pola situación creada, é convidado polo Teniente da Garda Civil do posto de Guitiriz a ir ó campamento onde o agarda o señor Gobernador Civil de Lugo.

A sorpresa era máis grande porque o Alcalde de Guitiriz estivera pola tarde falando con militares, entre eles o Gobernador Militar, e nada lle dixeran. Os soldados do Campamento foran substituídos por membros da Garda Civil.

Pouco despois, aquel primeiro grupo de veciños seguiu ó seu alcalde, e achegouse a Santa Cruz en varios coches; xa no medio da aldea con aire de circunstancias, foron informados de que o Alcalde viña de baixar.

**Só faltaba unha hora para remata-la xornada do xoves**, e decidimos busca-la megafonía, para informar á xente do que ía pasar e espabilala. O berro de alarma chegou ó máis recóndito de Guitiriz, Parga, Santa Cruz, Mesón da Cabra... A xente escomeza a avispar, e as rúas de Guitiriz vanse enchendo de xente.



*“A tensión ía medrando”. (Foto Álvez. El Progreso)*

O comezo non é doado: ¿onde facer frente ós bidóns? ¿Cántos camións virán?, ¿Por qué estradas chegarán ó campamento de Parga? Todo era escuridade naquela noite de Guitiriz. Unha noite histórica, sí, se non pola trascendencia dos feitos, sí polo xeito de comportarse tódolos veciños, pola súa capacidade de organizarse, de loitar, de defende-los seus intereses.

### ENDEXAMAI S HOUBERA TANTA UNIÓN

Xa soaron as campanadas da media noite..., e as campás de varias igrexas do concello levaron o seu arrebató alá onde os claxons dos coches ou a mensaxe da megafonía aínda non chegaran. Todo Guitiriz estaba en pé, e tamén Parga, Santa Cruz, o Mesón, Roca. Grandes e pequenos, ricos e pobres, dereitas xunto ás esquerdas, médicos á par dos labregos..., todos loitaban naquel intre coas mesmas pulsacións.

Montáronse dous núcleos de loita: o Mesón da Cabra e Guitiriz. Houbo polémica para saber onde se ía montala barreira de Guitiriz: se no límite da provincia, se na entrada da vila, se máis aquí... A marea de xente ía medrando.

Alguén comunicou que os camións xa chegaban á «Costa da Sal». E entón aquela marea de xente púxose a camiñar, rumbo á Coruña. Non houbo que andar moito. Mesmo na entrada da vila, alí chegaban tres camións cargados de bidóns do Casón, e custodiados por forzas da Garda Civil.

Aquel «tapón» humano non deixou entrar na vila ós que desde aquela eran bidóns de morte. Tiras e afrouxas entre os veciños e as forzas de orde. Varios camións e trailers son atravesados na Nacional VI; esta estrada xa non se abriría ata as tres da tarde do venres. Endexamais a Nacional VI estivera tanto tempo colapsada.

No Mesón da Cabra había tensión nestas horas da noite; alguén que estivo contactando os dous frentes todo o tempo, levóulle-la mensaxe de que non estaban sós; de que en Guitiriz establecérase unha vangarda daquela xornada de loita pois xa era o venres, día once.

Axiña os Medios de Comunicación fixeron presenza no lugar dos feitos. Máis de dúas dúcias de xornalistas acompañáronnos naquela noite na que a pesares do frío e das néboas de Santa Lucía, todo era calor e luz para os veciños de Guitiriz.



*“Dende o primeiro intre os veciños conversaron e reclamaron os seus dereitos ás forzas da orde”.  
(Foto X. Carreira)*



*“Pouco a pouco as forzas de orde ían medrando...” (Foto Xosé Carreira)*

Pouco a pouco, vanse erguendo barricadas con madeiras, troncos, coches de desgüace. No Mesón da Cabra, fanse fogueiras na estrada con rodas e máis rodas.

Á unha da madrugada, unha comisión formada polo Alcalde, concellais, e veciños vai entrevistarse co Gobernador Civil ó Campamento, que tamén está decidido a pasala noite en vela.

Unha emisora da radio anuncia ós catro ventos que a ponte de Bueiro que leva ó campamento vai ser volada. Certamente, a máis dun pasoulles pola cabeza isto e moito máis.

A tele galega, nun esforzo informativo, prolonga as súas emisións toda a noite para levar a todo o país o que acontecía en Guitiriz e tamén en Fisterra. Moitos veciños de Guitiriz que están lonxe, e mesmo amigos, bloquearon as liñas telefónicas solidarizándose coa nosa vila.

A tensión seguía medrando, e ninguén dormía na madrugada daquel venres de paixón para o noso pobo. Escomezou a chegar xente doutras vilas: Baamonde, Lugo, Vilalba... Mais tamén fixo a súa aparición unha Compañía da reserva da Policía Nacional de A Coruña; tiña ordes de que ás cinco da mañá os camións tiñan que estar no campamento.

**Son as tres da madrugada:** Os que falaran co Gobernador Civil trouxeran a mensaxe de que deixásemos libre un sentido da estrada. Os veciños opóñense totalmente. As emisoras de radio e televisión seguen comunicando á nación as reaccións fortes e contundentes dos veciños de corta-lo paso a aqueles bidóns noxentos. Mesmo o alcalde en varias intervencións cos Medios de Comunicación reafirmaría a súa actitude de rexeitamento daqueles produtos.

Os camións seguían paralizados; algúns bidóns cheiraban; os camioneiros afirman que non sabían nada do que levaban, que foron contratados para facer cento corenta quilómetros, e nada máis.

Os veciños que NON e o Gobernador Civil que SI, erre que erre, e aquilo non facía máis que quentarse. Na retagarda, os veciños rompían a cabeza e a imaxinación para facelo posible para que os camións detidos non subisen ó campamento. Tódalas artimañas pasaron pola cabeza de todos, mais tomaba corpo o sentimento de que sería a unión de todo o pobo, de tódolos veciños do concello, a verdadeira arma que soluciónase aquel conflito no que nos meteran.

Había fe crecente de que ninguén ía usar a violencia, cando espallouse a voces de que na ponte de Bueiro había unha bomba, o que fixo que a Garda Civil fose alí.

Botellas de aceite e gasolina contra a estrada..., e moita rabia e coraxe, nunha xente que non entendía coma sen pedir permiso, convertían a súa casa e a súa comarca nun vertedoiro.

A Compañía Antidisturbios que viñera de fóra, provocaba á xente cos seus berros, as súas olladas, as súas preguntas de dobre filo. Houbo intres de moita tensión, coma aquela descarga de pelotas de goma contra a xente, e que contestou algún naquel intre con pedras... As pelotas fixeron sangue nalgún veciño. Algún garda civil liberou a súa rabia con algún veciño que foi apaleado.

Un pensa que este pasarse da Garda Civil debeuse en parte a que eran de lonxe e non entendían a nosa lingua, os nosos dereitos, a defensa do que era noso, porque naquelas horas tensas do Mesón da Cabra, moitos membros da Policía procedentes das cidades galegas, –algúns, veciños ou parentes de xente da nosa comarca–, confundíanse con nosoutros e enten-

dían os nosos propósitos: como podía aquel policía impedir que os veciños se manifestasen contra aquel cargamento, se perto dalí vivía a súa familia.

Alí notouse quen era do pobo e quen non. Como reivindicaban algúns deles: que veñan os políticos aquí a loitar!.

Mais a compañía que chegara de máis alá de Pedrafita, pensaba que estaba loitando contra os peores delincentes.

Despois deste enfrontamento, Guitiriz, a súa xente, ían ser distintos, as súas razóns foron pisoteadas pola violencia e pola forza.

### OS INTRES MÁIS DUROS

Mais a calor e o fragor da loita dos cidadáns, foise tornando branco e silencio, cando os camións cargados da morte, atravesaron a marea de xente, tupida coma un só corazón e un só espírito. Fora un mazazo.

Mais coma alguén dixo naquel intre, a un mando da poli: «entrar, entrarán no campamento..., mais tamén saíran axiña», porque non descansaremos ata que se vaian ós seus donos.



(Foto Álvez)



*“Había traballo para todos, e ninguén se descoidaba no seu labor...” (Foto X. Carreira)*

A tensión chegou ó seu punto mais álxido cando os berros das sereas, envolvendo todo nun ruído arrepiante, anunciaron pola Costa das Garelas, despois de baixa-la Pena Moscosa, que a «carga» viña alí... Había máis forza que persoas, e empuxando ós que defendían o seu, fixeron de comparsa da destrución. Os veciños sentíanse burlados. E así ata o campamento, van librando o camiño pola forza.

Son detidos cinco compañeiros, cando sentados lamentaban tanta irresponsabilidade dos que nos conduciran a aqueles días tan negros e venenosos. Dous deles, non sabemos se por altos ou fermosos son deixados, e os outros tres son trasladados ó Cuartel de Baamonde.

## **PRIMEIRA ASEMBLEA**

### **Ás catorce horas:**

Os centos de veciños que viñan de asistir a un dos atropellos máis grandes dos que foran testemuñas na historia recente de Guitiriz, xun-

táronse en Asemblea, no campo de fútbol-sá do Mesón da Cabra. Alí, pola banda do que dirixiu a palabra, quedou ben claro que se ía seguir utilizando o sentido común como a arma máis importante dos veciños contra a violencia da sen razón, e en segundo lugar a Nacional VI.

Pola banda dos participantes naquela primeira asemblea, queda clara a actitude de non parar ata que os bidóns estivesen fóra, e convócase unha nova xuntanza e corte de tráfico ás cinco da tarde.

### **Ás dezasete horas:**

Un aluvián de xente vai chegando ó Mesón da Cabra, de tódalas parroquias, son ríos de coches por todas partes. (Mentres xantaba a meirande parte da poboación, o servizo de megafonía foi avisar por tódalas parroquias desta asemblea).

Íamos corta-lo tráfico na Nacional VI, mentres unha comisión de veciños ía ó gobernador civil.

O cruce da Nacional VI estaba totalmente tomado polas forzas da orde. Entón en Asemblea decíde-se paralizala Nacional VI, saíndo os centos de coches que alí había en procesión, nunha marcha lenta desde Baamonde ata Guitiriz, así ata que o Gobernador Civil dese unha resposta convincente.

Centos de coches de toda a comarca imprimiron a este tramo da Nacional VI un ritmo enfermo; unhas pulsacións e uns sobresaltos de preocupación... Certamente, o estado de saúde da nosa comarca estaba en risco.

Asemellaba coma se a toda Galicia chegase o eco e os laios da nosa dor e do noso sufrimento coma pobo.

### **A COMISIÓN DE VECIÑOS VISITA Ó GOBERNADOR CIVIL**

#### **Ás dezaioito horas:**

O Señor Gobernador Civil recibe a devandita comisión, integrada por catro veciños, e que xorde na asemblea.

- Facémoslle chega-la protesta de toda a comarca por aquel asoballamento.
- Esiximos a liberdade dos tres detidos.

- Pedímoslle que o máis urxentemente posible faga desaloxalos bidóns da nosa comarca e da provincia.

- Denunciámo-lo xeito duro e provocador de moitos membros da Garda Civil, facéndolles vela diferenza de comportamento coa meirande parte da policía, máis comunicativa coa xente e máis respetuosa, en xeral.

- Comunicóuselle a tensión que había entre a nosa xente polo xeito de transportar e traer aquí, sen ningunha información, e aproveitando a noite, un material perigoso.

- Denunciouse a tensión e clima de violencia creado por actitudes irresponsables e pola falla de información.

- Díxoselle que estabamos dispostos a desaloxala comarca se os bidóns se mantiñan alí por días. Estas e outras cousas máis...

O Gobernador Civil escoitou-nos, e mesmo o vimos preocupado por todo o acontecido. Díxonos que el era o primeiro en querer que aqueles bidóns saísen da provincia. Albiscamos que ó Gobernador lle meteran un «gol» con este paseo dos bidóns por Lugo. Pideunos dous ou tres días para facer xestións e levar daquí os bidóns.



*“Ata os balados cambiaron de servizo” (Foto M<sup>a</sup> Xosé de Bueiro)*

Tamén se comprometeu a face-lo posible por liberalos tres detidos.


Cando iamos colle-lo coche para voltar a Guitiriz, o Gobernador Civil sorprendeunos coa nova de que xa estaban na rúa.

«A RECTA DE SAN ALBERTE ESTABA ESTRADA DE CRISTAIS»

Un fío de frío pasounos polo corpo e polo espírito cando chegamos a San Alberte, e vímo-la estrada chea de cristais, que brillaban á luz da lúa coma fachos que mostraban que algo acontecera. Centos de persoas, tódalas parroquias de Guitiriz, agardaban no Mesón da Cabra a nosa chegada e a nosa negociación. A tensión medrara moito, mais nos víñamos máis decididos a solucionar-lo problema.

As primeiras palabras que escoitamos foron de horror ante a actuación salvaxe da Garda Civil, que ó ver que non podían coa xente, arremeteron contra os coches que se manifestaban pola estrada.

Máis dunha ducia de coches estaban destrozados. Un grupo de veciños atallaron por Sambreixo para face-la caravana por ámbolos dous sentidos. Xa na Nacional VI, a garda civil fíxolles fronte dun xeito irracional, quizais o primeiro coche foi tamén o mais prexudicado; toda a rabia cebouse sobor del.



«Os momentos de tensión ían medrando». Foto X. Carreira.

Despois de recibir-la información dos veciños, sobre a lamentable actuación daquela Compañía da Garda Civil, chamamos ó Gobernador, que naquel intre recibía a unha representación dos partidos e sindicatos de Lugo para tratar deste tema. Comunicóuselle o que aquí acontecera; que aquela actuación provocadora dalgúns membros da Garda Civil fora a mais, mentres nos dialogabamos con el, e coma arremeteran contra os coches, e pedímoslle que para que a tensión non medrase máis, fíxese retirar aquela compañía da Garda Civil.

Mandounos chamar máis tarde, como queréndose informar por outro lado. Ó fin, asentiu ás nosas reclamacións, e mandou retirar aquel continxente das forzas de orde. E parecía como se aquel día pesado e cargado de despropósitos se liberase algo máis.

Despois de informar á Asemblea da nosa conversa co Gobernador Civil, interviron varios veciños aconsellando á comisión a que fora ela quen estudiase os pasos a dar máis adiante, e despois os presentase a aquela Asemblea.

Retirámonos, e isto foi aprobado pola concurrencia:



“No cruce do Mesón da Cabra” (Foto M<sup>a</sup> Xosé de Bueiro)

1. Achegarse á Casa do Concello de Guitiriz e convidar ó alcalde e corporación a acompañarnos a unha manifestación, o sábado, ás trece horas, a Lugo. O Alcalde e a corporación estiveran reunidos aquela tarde xunto con varios alcaldes da nosa comarca para trata-lo asunto, e froito disto foi un comunicado feito público despois.

2. A manifestación concentraríase diante do Goberno Civil, e sería convocada na cidade de Lugo, pola comisión de partidos e sindicatos, organizada ó efecto.

3. Facer piquetes de vixilancia durante toda a noite, para que non trouxesen máis bidóns para o campamento.

E así foi; xa en Guitiriz, foron moitos os veciños que se apuntaron voluntarios para pasar toda a noite vixiando.

A Garda Civil xa se fora, só os coches da policía acompañaron á manifestación ata Guitiriz,

onde despois de vitorear unha serie de consignas, marchamos cadaquén para a súa casa, despois dunha noite e dun día de pánico.

### **TAMÉN NA NOITE, OS BIDÓNS SEGUIRON FLAXELANDO Ó POBO, AGORA CARA A MARIÑA**

Mais moitos veciños, algúns presa do medo, non se deitaron. E a iso das tres da mañá escomezou a notarse un forte movemento arredor do campamento. Subiron moitos coches da policía.

Os piquetes de vixilancia deron a voz de alarma; ergueron da cama a algún membro da comisión. Baixaron os camións acompañados de gran séquito e envoltos no ruído de tantos motores. Outra vez o silencio da noite tornábase mensaxe para os que saben ler máis alá das estratagemas do poder.



*“Barridos os veciños pola gran cantidade de forzas de orde, os camións escomezaron a baixada ó campamento” . (Foto X. Carreira)*



*“Antes houbo que arrancar varias barricadas, froito da unión dun pobo” (Foto X. Carreira)*

Varios coches de veciños seguiron ós camións, e en Vilalba onde se estropeou un deles xuntáronse moitos veciños de Parga e Guitiriz, empeñados en saber cara onde ían.

Na noite, nas encrucilladas dos camiños, moitos veciños das parroquias de Guitiriz facían lume para quentarse. Aldeas enteiras non pisaron a cama en dúas noites, sobor de todo perto do campamento.

E ó mencer, a boa nova de que os bidóns estaban lonxe, correuse coma unha brisa que anunciaba un día fermoso, radiante de sol. Un sol non sempre xeneroso naqueles días do Nadal, frío e áspero, sí que foi espléndido naquel venres e sábado históricos para Guitiriz.

### **UNHA GRANDE MANIFESTACIÓN EN LUGO**

Entre os veciños xurdiu a pregunta: ¿e agora qué? ¿Pagará a pena ir a Lugo para a manifestación convocada ás trece horas? Sí, mentres os bidóns sigan na provincia de Lugo.

Algúns pensaban que non ía ir ninguén, mais, cal non foi a sorpresa, cando do Mesón da Cabra

arrancan cinco autobuses e moitos coches pequenos cargados de xente. Acompañábanos o Alcalde e varios concellais.

Máis de dúas mil persoas xuntáronse diante do Goberno Civil de Lugo. Antes houbo unha xuntanza co Gobernador, onde participaron os representantes dos partidos políticos que convocaran a manifestación en Lugo, o noso alcalde e membros da Comisión.

Ó remate, un membro da Comisión dirixiuse por megafonía a tódolos asistentes agradecendo a todos a súa solidariedade. Alí estaban moitos veciños da cidade de Lugo, algúns amigos nosos coma os escritores Claudio Rodríguez Fer ou Lois Diéguez, músicos coma membros dos grupos Fuxan os Ventos e Tebra, políticos coma o profesor Xosé Manuel Beiras, o secretario de Comisións Labregas, Emilio López, moitos profesores e xente de tódalas profesións. (Na noite o Alcalde de Lugo ofrecéranos o Pavillón de Deportes se facíamos o desaloxo).

A manifestación desenvolveuse polas rúas principais de Lugo. E cando estaban na Praza Principal de Lugo, enterámonos que un dos tres detidos pasara a noite na cadea; que o Gobernador non nos dixera a verdade... Esta nova supuxo un golpe para todos. Foi o mesmo Manolo de Vilalba o que nos trouxo a nova. Entón, aquela manifestación que ía rematar, continuou o seu curso ata o Goberno Civil, onde unha comisión foi recibida polo rexidor provincial. Protestamos esa situación e por ternos enganado. Manolo fora procesado pola denuncia dun militar en paisano.



Fíxose unha colecta para xunta-las cincuenta mil pesetas que Manolo pagara coma fianza, foron recollidas e de sobras. Foi aplaudido o xesto de varios policía que tamén fixeron a súa aportación económica naquela recolleita xenerosa.

#### **AUTOINCUPLICACIÓN COLECTIVA EN VILALBA**

De Lugo a Vilalba para facelo papeleo necesario para autoinculparse todos.

Dado que xa era tarde, e moitos deixaban pequenos e outras obrigas nas súas casas, non

todos foron a Vilalba, mais si máis de catrocentos veciños que estamparon a súa firma nos papeis ó efecto, e que despois foron entregados no Xulgado.

Tamén aquela tarde e noite seguiron funcionando os piquetes de vixilancia por se viñan máis camións.

Nomeouse un avogado, Agustín Baamonde, para Manolo e tamén para tódolos afectados polo asoballamento do seu coche.



*“De tódolos xeitos, os veciños non se retiraron”. (Foto Xosé Carreira)*



***“E os camiões que penetraron no campamento, fixérono por poucas horas”. (Foto X. Carreira)***


Ó martes seguinte, foron chamados a declarar dous rapaces de Guitiriz, coma testemuñas e contra Manolo. Os rapaces descubriron que a súa declaración feita no Cuartel de Baamonde, na tarde do venres, non era a mesma que se lles estaba lendo coma propia. Certo, o «Cabo de información» mandoulles firma-la declaración sen antes lela os rapaces, e por falla de experiencia, firmárona. Había na declaración unha serie de despropósitos para culpar a Manolo, que fora denunciado por un militar, vestido de paisano, do Servicio de Información do Gobernador Militar de Lugo. Os rapaces rexeitaron aquela manipulación e fixeron ve-las contradicións do denunciante. O xuíz rebaixou na metade a fianza e o caso está por ver.

Houbo varios defectos de forma e fondo nesta denuncia a un compañeiro que ven a Guitiriz, solidarizándose con nosoutros, e de aí a razón de «autoinculparse» todos, porque todos fixémo-lo mesmo: que non houbo unha desfeita no noso concello.

**ALFONSO BLANCO TORRADO**

### **PEPE CARREIRA**

*Pepe Carreira é un dos representantes máis novos do xornalismo galego, ocupando un posto importante na vangarda dos Medios de Comunicación Social. Natural de Robra-Outeiro de Rei traballou en varios xornais e actualmente en “La Voz de Galicia”, sen esquecer o seu alento a estas iniciativas culturais coma pode ser a nosa Asociación.*



***(Foto Pepe Carreira)***



*“Na madrugada, a Xunta enviou un representante de Sanidade, o que non cheirou ben todo aquilo”  
“Situación na que se atopaba a Nacional VI ó seu paso pola Pena Moscosa, naquela mañá do once de Nadal”. (Fotos Álvez)*



## Como ven os remos...

### HITORIAS DE CASÓN

(Decembro de 1987 e...)

I

Foi polo mes de decembro cando ocorreu a traxedia dun barco con mercancía que acabou en traxicomedia.

II

Na Costa da Morte sen motivo nin razón sen que ninguén nolo explique encallou o buque CASÓN

III

Recompoñendo os feitos deste caso en cuestión imos darlles, señores a nosa humilde opinión

IV

O capitán da nave rachando a tradición foi o primeiro en tirarse pola borda do CASÓN

V

Este dato é elocuente pois por el se supoñía ó capitán enteirado da carga que traía.

VI

Mais se quixo crer que era un alixo de tantos e reparti-lo pastel entre poucos, ou uns cantos

VII

Despois, saltou a sorpresa ó ve-la lista de embarque e o pastel a repartir xa non dóce, era vinagre.

VIII

Entón cundiu a alarma entre bulos e verdades ninguén se pon de acordo nin entre as Autoridades.

IX

Uns din, non hai problemas outros que é cousa moi grave e entre dimes e directes embarrancaron a nave.

X

Os nosos Xefes da Patria Xente docta á razón sen pensar se se entendía preparan a evacuación.

XI

Confunden ó pobo chan que non debe EVACUAR Entón pensa a xente ¿Onde imos cagar?

XII

A xente de Fisterra perdida xa a tallada pensando nas subvencións fan a gran fuxida.

XIII

Abandonaron as súas casas por medo das explosións con dores de barriga e grandes retorzóns.

XIV

De Santiago veñen eles tódalas Autoridades e alí ninguén lles prohibe face-las necesidades

XV

e o GRAN XEFE DE CORUÑA por cuestión de partido mételle un Gol «ó de Lugo» coporteiro batido.

XVI

Mándoche aí «Compañeiro» eses poucos bidóns xa cho terei en conta nas próximas eleccións.

XVII

Mande Vostede o que desexe se quere toda a carga escoltada por «romanos» que eu a enterrarei en Parga.

XVIII

E o GRAN XEFE moi ledo di que volte a xente que a carga perigosa lla traspasou a un inocente.

XIX

Pero por sorte ou desgracia en Guitiriz se enteiraron e facendo frente ó convoi o enterro non deixaron.

XX

Esa noite o «Compañeiro» sinistros plans tramou, premeditando un plan novo á Costa mandounos.

XXI

Na mañá seguinte como por arte dun Mago aparecen os bidóns en Morás, praia de Lago. Entón, señoras e señores, o caso do Casón en vez de rematado, por arte e parte das nosas Autoridades non tiña aínda ¡nin encetado! E os bidóns coa súa descoñecida carga, descansan na praia, procedentes de Parga, despois de dar máis voltas ca unha noria Mais iso, amigos... ¡é outra historia! .../...

### O CASÓN

Este ano o Antroido tróuxonos moitos bidóns, e por se isto fora pouco deron paus a montóns. Os veciños todos xuntos, todos xuntos nun montón, berraron todos a unha: ¡Non queremos-los bidóns!. Trouxéronos de noite e fóronse de madrugada, co rabiño entre as pemas, fixeron que os levasen.

Por: **Marcos Paz Calvo**

13 anos. 6.º curso. C. de Xermade.

### AS XENTES DE GALIZA

Qué duras as pasaron, os camiños e os montes cheos, non chegaba nin un camión, ós campos sementados. E agora ven o noso enemigo, cargado de bidóns, nós esperamos contigo. ¡Malditos bidóns!. A xente foise, mentres o barco está embarrancado, a maldición pártese, e agora está todo abandonado. ¡Ai! ¡pobre de nós, como sigamos así!

Por: **Edelmiro Martínez Roca**

14 anos. 6.º curso. C. de Xermade.

Peña «Os Larpeiros» Antroido 88 - Foz

**CRÍTICA NO ANTROIDO DO 88**

O entroido dos Vilares por aquí anda perdido  
quere facer do alcalde que sexa o seu amigo.

Neste concello tan grande  
ninguén quere axudar  
a nada só son moi voluntarios  
cando hai unha merendona.

Nas escolas das parroquias só hai mesa e banquetea  
mentres que no despacho do alcalde está todo de moqueta.

A estrada dos Vilares está chea de furados  
e os pobres coches xa andan cos neumáticos cuadrados.

Á escola dos Vilares os nenos non van estudar  
porque co que chove dentro están aprendendo a nadar.  
Van saír bos nadadores e tamén bos piragüistas  
isto é por culpa de ir catro caciques nas listas.

Non saben máis que comer e tomarse bo café  
tanto teñen os do P.S.O.E. como os señores de A.P.

Padecemos cos Socialistas e con Alianza Popular  
pois todos están de acordo que polo cu nos queren dar.

Este ano, os dos Vilares presumimos de gran comisión  
pois disque vai Agapito ó frente do Batallón.

Nestas eleccións tiñan medo ós Independientes,  
ó ver a Paco do Banco, xa lles tremían os dentes.

Agora neste concello temos dúas solucións:  
vivir do paro de Sidegasa ou do tóxico dos bidóns.

Ós comerciantes de Guitiriz disque están todos doentes dende  
que abriron na Coruña o Alcampo e o Continente.

Para o centro de Guitiriz gozamos de gran transporte  
pois non hai máis que ve-las dilixencias do Norte.

Para colle-los cartos, tódo-los bancos son bos  
e se imos pedir un peso arráncannos ata os collós.

Ben nos cadra co Atlantic para move-lo esqueleto  
porque Deivi e Xenon non teñen o pobo contento.

Na asociación de Xermolos con ben pouquiño diñeiro  
tanto se fai unha bailarina como se fai un bo gaiteiro.

O Conselleiro de Cultura prometeu moito para Xermolos  
pero os que crean nesa xente paréceme que están tolos.

Ben nos cadra cos de Fraver para nos deixa-lo tractor  
por iso en toda a comarca non hai comercio mellor.

E quen se sinta ofendido xa pode perdoar  
pois polo Santo Entroido de algo hai que falar.

**Xosé María Fanego**

*Grupo dos Vilares*

**AQUEL DÍA...**

Estes días atrás, o noso concello foi un ferve-  
doiro. Máis de douscentos bidóns, que segundo  
fontes oficiais eran os residuos máis perigosos  
que transportaba o barco pirata panameño, con  
tripulación chinesa, Casón, encamiñábanse ó  
C.I.R., para quedar alí custodiados pola policía,  
ata o momento de remitilos ó seu lugar de orixe,  
ou pola contra, de destino.

Á medianoite do xoves, día dez, escomezou a  
actividade. As rúas da vila foron percorridas por  
coches que facían soa-las buguinas, xentes que  
falaban por megafonía e o soar das campás da  
igrexa. O pobo botouse á estrada. Escomezaron  
a erguerse barricadas.

Parga parapetouse no Mesón da Cabra e Guitiriz  
á entrada da vila. Ás dúas da madrugada, aproxi-  
madamente, foron retidos os tres camións. Moita  
xente pasou a noite na rúa.

A barricada do pobo cedeu á media mañá do  
venres, pero no Mesón non se crebou ata que a  
policía arremeteu contra a xente con porras, pe-  
lotas de goma e demais. Iso foi ó mediodía.

Había máis policías que persoas, todos eles ar-  
mados ata os dentes: cascos, escudos, porras,  
coches especiais, escopetas que disparaban pe-  
lotas de goma, pistolas...

A xente só dispoñía das mans, pero aínda así,  
viñéronse a nós, ¡qué vergoña!

Foi a razón contra a Forza, a paz contra a vio-  
lencia, a unión de dous pobos irmáns contra uns  
antidisturbios alleos.

Eles podían pegarnos, levarnos detidos, destro-  
za-los nosos coches e matarnos se fora preciso...  
Pero a nós, nin siquiera nos permitiron achega-  
mos a eles. Claro son os defensores da patria,  
aqueles homes que entregan a súa vida para pro-  
texer á poboación, os homes bos que deben ser  
queridos... A nosa terra foi empregada sempre,  
foi asoballada, ríronse de nós fóra, nunca fomos  
respetados, endexamais se nos tratan como per-  
soas e por todo iso e moito máis, España para os  
españóis. Galicia é nosa, é a nosa nai e polo tan-  
to, é para nós.

O noso País poderá vivir coñecendo a verdade,  
porque é ben sabido que non podemos fiarnos  
nin siquiera dos nosos gobernantes. Xa nos  
mentiron demasiadas veces.

O Pobo Galego precisa unión, só iso. Temos  
boas persoas galegas para gobernarnos. Non  
temos medo.

**María Quintela Sánchez**

14 anos. Colexio de Guitiriz.

# A leición dos viciños de Parga-Guitiriz diante dos bidóns tóxicos



Quen lle diría, hai tan só dous meses, aos viciños das comarcas de Parga e Guitiriz, que os «Reis» se lembrarían deles nas datas próximas ao Nadal!. A lembranza estivo nun valioso agasallo. Tan valioso que para que ninguén se enteirase –debe ser por iso dos ciumes– remesáronllo pola noite e con alto segredo. Amais, cheiraba, e viña rebolando doutras partes do País co abendizamento dos gobernantes españois. Isto foi o que decidiu aos viciños a rexeitalo. Uns dicían, «Qué o volvan para A Coruña!». E outros, «Qué o leven para Madrid ou ao País de orixe!». Penso que máis razón tiñan os últimos, pois se somos galegos temos que nos defender como tais, e o mesmo son os de Guitiriz que os de Corcubión ou de A Coruña, poño por caso, fora, claro está, doutro tipo de diferencias secundarias.

Eu, viciño de Lugo, e outros compañeiros e compañeiras, ao nos enteirar do choio alí nos apresentamos para axudar. Tamén era o noso problema. Nós, que temos o pelexo curtido pola

experiencia da defensa deste maltratado País, levamos moitas e agradábeis sorpresas. Emocionounos ollar como a xente baixaba das parroquias para se unir aos da vila e non permitir que o perigo quedase no corazón daquelas terras frías. Non había centos de voces a berrar contra a aldraxe que unha vez máis sufríamos galegos e galegas: era unha soia voz a dicir o mesmo. E era unha soia man formada por milleiros de mans, apertada e forte como un puño de ferro, fermosa na razón da xusticia, templada contra o asoballamento. Si, meus sofridos compatriotas: este é o camiño marcado para conquistar os anxeios máis fondos e necesarios. Calquera problema, sexa da vila ou da aldea, mentres se asulague nas reivindicacións dos que sofren, do povo, ha ser tratado así, coa súa defensa en unión e coa persistencia nel ate chegar á súa resolución. Apliquemos sempre a leición e o País mudará. Porque ten que mudar se queremos vivir nestes tempos de estrago.

Non é doado. Tamén o aprendemos. Tamén estaban alí centos de homes armados ate os dentes que esnaquizaron coches e mallaron na xente. Algunha non o daba crido. Pero na defensa das cousas xustas por parte do noso povo, actúan así. ¿E de que lles valeu?. Se esnaquizaban un coche alí estaba outro; e si detiñan a unha persoa unha nova saía a reemplazala. Así se ganan as batallas.

En todo o conflito ollamos a burla e o tratamento que nos fan aos galegos. Eses que nos chaman para votar e que despois se sentan nas poltronas para nos tratar así, non apareceron por nengún lado. Algo tiñan que agachar. ¿Acaso hai algunha dimisión, algunha explicación razoábel ao salvaxe comportamento dos que din que nos gobernan?. ¿Está esixida a responsabilidade de cada quen? Tomemos nota destas preguntas.

Os bidóns non quedaron en Parga non pola decisión dos gobernantes españois ou autonómicos senón pola resistencia popular. O perigo foi, ao fin, desterrado pola propia xente.

Os detidos foron postos en liberdade tamén pola presión. E presión foi facerlle prometer ao Gobernador que se responsabilizaría dos estragos vandálicos dos vehículos.

A xente uniuse porque foi sensíbel ao problema. Ha ser sensíbel a todos os outros problemas que temos aí, máis perigosos, moito máis perigosos que a presenza dos bidóns.

A xente organizouse e seguiu as decisións da maioría a través dunha Comisión. Este é o xeito de ser efectivos diante dos problemas. Cando se enfrentan así sempre se consegue algo.

A xente decatouse tamén de que os galegos aínda somos cidadáns de terceira categoría e de que non temos un goberno propio para nos defender. Por iso, ela, en conxunto, colectivamente, se erixiu en goberno de sí mesma e supliu as deficiencias e irresponsabilidades dos que realmente teñen esa función.

Estas son as leicións a tirar desta importantísima loita dos veciños de Parga-Guitiriz. Só nos queda aproveitálas aquí en adiante, non esquecelas, recoller os erros e os acertos e repetir a historia cando sexa preciso.

Lugo, 8 de Xaneiro de 1988

**LOIS DIÉGUEZ**

### **LOIS DIÉGUEZ**

*Poeta e novelista, naceu en Monforte (1944). Desde sempre desenvolveu un gran labor de concienciación social e política, sendo un dos fundadores da AN-PG (Asamblea Nacional-Popular Galega) e tamén cos seus artigos cotiáns en xornáis como A Nosa Terra. Como poeta escribiu: Arbre de esperanza (1966), Cancións pra un agromar branco e azul (1968).*

*Mais neste intre Lois Diéguez ocupa un posto nas nosas letras pola sua novela A canción do vagamundo, Premio «Eduardo Blanco Amor» 1986. Xa antes nos agasallara con outras novelas, como A torre de Babel (1968) e Galou Z-28 (1976), entre outras.*



## O caso do «Casón»

O do «Casón» foi un caso moi «pavero», como diría Anxel Fole, se non fose polas tráxicas consecuencias que poido ter.

Un barco, cargado de... chamémoslle dende este momento «veneno», cruza as costas do noso soñado e mítico finsterre. De pronto, como ocorre alí a miúdo, o mar encrésbase, érguese poderoso sobre o barco e o seu «extraño» cargamento, e faino encallar.

A partir dese momento a marexada marítima trasládase á terra en forma de confusión humana e zoar das ondas da radio. Aquela foi a noite das mensaxes contraditorias cruzándose no ceo de Galicia, mentras alá abaixo a poboación expectante velaba cos transistores.

Velaron nun principio, de maneira especial, os veciños da «Costa da Morte», e poucas veces o lexendario nome semellou estar mellor posto. Axiña se ergueron alí as voces de alarma, o ir e vir das xentes, a desorientación. Vían os homes a destrución e a morte entrando polo finsterre, invadindo todo como unha má sombra. E mentres as ondas da radio zoaban no ceo coas voces contradictorias das autoridades, a poboación, por si acaso, comezou a ser evacuada da bisbarra o traveso dos montes e camiños de Galicia. Uns, máis temerosos, ou simplemente máis cautos, atravesando a noite desorientados, indefensos, cara aos refuxios que lles tiñan previstos en Santiago e na Coruña. Outros máis confiados, segundo as noticias que teño, enchendo os bares de Muros, agotando as horas con copas e cafés, escoitando as últimas novas que a radio lanzaba, e facendo mil cábalas sobre o «veneno» que encallara no finsterre.

E mentras ¿qué ocorre coa carga maligna? Móntana en camións e inicia, na noite confusa das ondas de radio, a peregrinaxe polas estradas galegas.

¿A onde vai o veneno? ¿Qué destino leva esa carga que ninguén quere? Polo momento ninguén o sabe. As ondas non falan. Os barcos foron liberados do seu «veneno», as rías de Corcubión e Muros poden dormir tranquilas, o «veneno» foi afastado daquelas terras. ¿Mais a onde vai? As ondas da radio non falan, ou sí. ¡Escoitade! Veciños da Limia en Ourense, de Marín, de Caldas, de Vilagarcía..., dormide tranquilos, o «veneno» vai

cara a Terra Chá, ao corazón de Lugo, vai cara o Concello de Guitiriz, ás terras de Santa Cruz de Parga. Alí hai un lugar onde gardar o «veneno», un lugar silencioso de xentes silenciosas, onde todo se pode gardar pois a xente garda e cala: «A xente está alí afeitada a calar, –din– levade para alí o ‘veneno’».

Mais as ondas siguen zoando na noite, a xente na Terra Chá escoita. De pronto, sen mediar acordo, inesperadamente, unha voz érguese na bisbarra. Un chairego, xente afeitada a escoitar e calar ata agora, atrévese a falar en alto: Isto é o novo no Concello de Guitiriz. Unha nova actitude provocada polo asunto do «Casón». Antes noutras moitas ocasións a duda e a desconfianza estivo na xente, mais non se manifestou, aniñaba temerosa no interior dos homes e alí morría. O novo hoxe é que a desconfianza ábrese paso en forma de palabra, e acción claramente manifestadas. Esa voz, esa palabra, prende pronto noutra, logo noutra, e axiña toda unha bisbarra está en marcha cara a Guitiriz. ¡O «veneno» non debe pasar!, ¡o «veneno» non debe quedar aquí!, di a xente. Baixan das parroquias veciños de tódalas idades, e o que ninguén podía imaxinar ocorre agora. Realízanse assembleas, discútese, e tómanse decisións inmediatas. Todos, ¡por unha vez!, están de acordo, síntense solidarios, confían no veciño, teñen unha causa común. ¡O «veneno» non debe pasar!.

Sen embargo, de momento, e non sen enfrontamentos, a forza imponse. As autoridades gardan o «veneno» en Santa Cruz de Parga. Afortunadamente non por moito tempo, pois, a confianza, a unión, a convicción de estar no certo dos veciños do concello triunfa, e ao día seguinte o «veneno» sae das terras de Guitiriz camiño das costas de Lugo. Alí ten lugar outro episodio famoso, digno de ser contado noutra ocasión, do «pavero» caso do «Casón».


XOSÉ LORENZO TOMÉ

### **XOSÉ LORENZO TOMÉ**

*Representa un dos valores máis fortes da última xeneración de novelistas galegos. A súa novela «A cidade branca» tivo un forte impacto nas nosas letras. Este escritor nado en Guitiriz, está recreando a cotío a nosa bisbarra...*



*“Barricadas, camiións atravesados..., todo para impedir que aqueles bidóns tóxicos quedasen entre nosotros”.  
(Arriba Foto Álvarez, abaixo Foto Tejero-El Progreso)*



## Fisterra, cinco de Nadal do 87

# A historia dun despropósito: o sinistro do «Casón»

Na mañanciña do cinco de Nadal de mil novecentos oitenta e sete, escomenzaba unha traxedia, aínda non rematada, con tódolos acontecementos que a rodearon e que principiaron coas explosións producidas a bordo do buque de bandeira de comenencia, CASÓN, coa morte da meirande parte da súa tripulación e o posterior, extraño e incomprendible embarrancamento do devandito navío na Costa da Morte.

A poboación de Fisterra mantívose atenta á traxedia destes homes da mar, coma pobo mariñeiro que é, e que viña de acontecer a poucas millas da costa. Nesta costa da Morte pola que pasa en ruta o setenta e cinco por cento da tonelaxe bruta da mariña mercante mundial tódolos anos...

A chegada á porto da Lancha de Salvamento «Ars Solis», pertencente á Cruz Bermella do Mar, traguendo os cadavres de varios dos mariñeiros, que foron depositados na Lonxa Municipal (non se sabe qué criterios sanitarios obraron naquel proceder), así como as informacións que ían chegando sobor do número de mortos neste accidente, conmocionaron ó pobo.

A inquedaña foise apoderando dos habitantes de Fisterra (moitos deles navegaran en barcos mercantes adicados ó transporte de diversos produtos), cando se soubo que o capitán do barco lanzárase ó mar, xunto con parte da tripulación presumiblemente, despois de dala orde de abandonalo barco, e que perdera a vida nese intre.

Mais si o capitán se arroxara ó mar con tal precipitación e non agardara ningún tipo de auxilio é que algo moi peligroso debían transportalo barco. A preocupación foi medrando cando por causas aínda non explicadas nin determinadas, o barco siniestrado rematou embarrancando fronte a punta de «O Castelo», perto da praia de «O Rostro», no termo de Fisterra.

Posteriormente, os remolcadores que deixaron que o barco embarrancase, trataron duran-

te uns días de sacalo de donde se atopaba sen podelo conseguir. Mentres tanto seguía saíndo fume das adegas. Non se sabe nada sobor dos contidos das adegas e dos contenedores, nin se apaga o lume. Os membros dos remolcadores «Remolcanosa» suben ó barco en procura dalgo..., tampouco se realiza a descarga de parte da carga para alixeiralo peso, mesmo estando o mar en calma, non se fai nada en todo este tempo.

A inquedaña medra en Fisterra pola falla de información. Os concellais da oposición no Concello de Fisterra solicitan a celebración dun pleno, mais o alcalde non o convoca. Teme perdelo protagonismo... O alcalde publica un bando, dicindo que non ten información algunha e que se manteña a calma.

**O luns, 7 de Nadal**, o Comandante da Mariña da Coruña (Díaz Pache) dá a coñecer parte do manifesto da carga do buque, consistente en produtos químicos de distinta clase, aínda que a meirande parte deles de carácter tóxico, ademais duns contenedores que tiñan sodio metálico, que no caso de racharse, estos produtos reaccionarían dun xeito violento no contacto coa auga.

Ese día e despois de fracasalo intento de celebración dun Pleno Extraordinario, os concellais da oposición (AP, CDS, PNG e PSOE) de Fisterra realizaron un mitin no Cine Lago da vila para informala poboación sobor do contido da carga do buque, revelada polo Comandante da Mariña e pedir que se realicen os labores de rescate do navío e da carga coa urxencia do caso, pois o tempo era moi calmo e había que aproveitar mentres o mar estivera en bonanza.

**O martes, 8 de Nadal**, realízase unha manifestación de protesta no peirao de Fisterra contra o transporte de materias peligrosas perto da costa, e pedindo información segura sobor do que realmente transportaba o barco embarrancado. O alcalde de Fisterra non aparece ante o pobo nin informa; só pide calma...



Ante a inqedanza existente na comarca de Fisterra, anúnciase a chegada dunhas anclas xigantes para aseguralo barco no caso de borrasca, que endexamais chegaron, e infórmase tamén que está en camiño unha grúa xigante para sacalos contenedores do buque e que un equipo de especialistas holandeses faríase cargo da operación.

Os bombeiros de Santiago e A Coruña veñen a Fisterra para sofocalo lume que aínda segue, mais teñen que estudalo sistema a empregar para evitalas reaccións dos produtos químicos contidos nas adegas. Retíranse da cuberta douscentos bidóns, aínda que se dixó que foran moitos máis (seiscentos ou así...), e que eran os máis peligrosos, todos eles son trasladados ó porto de Brens (Cee); todo isto provoca a lóxica e forte protesta do Alcalde de Corcubión, pois quedárase en que ningún bidón ía ser descargado en terra.

A poboación está cada vez máis tensa, pois os de «Remolcanosa» que subiran ó Casón, tiveron que ser atendidos de insuficiencia respiratoria que foi calificada de bronquite aguda... Só era un problema bronquial.

As autoridades informan de que non hai perigo, de que todo está baixo control, mais tamén se anuncia que está en marcha un plan para unha posible evacuación, o que alarmou aínda máis á poboación. A xente da comarca ante o temor ó descoñecido, escomeza unha evacuación voluntaria por tódolos medios, cara A Coruña ou Santiago, en previsión do que puidera acontecer. A xente non comprendía como se dicía que non pasaba nada, e mentras tanto estaba preparada unha evacuación. A poboación antes ca creer nas palabras baleiras das autoridades que tamén facían política dunha traxedia, colleu cadaquén as súas medidas de prevención, mentras que os que quedaban en Fisterra seguían con inqedanza os acontecementos.

**Na noite do Xoves, 10 de Nadal,** prodúcese as explosións, todo é confusión e ninguén cree en ninguén; todo o mundo trata de fuxir como pode... Dáse a orde de evacuación, e os coches que teñen que transportar á poboación para levala a un sitio seguro, ante a posibilidade dunha nube tóxica, tardan case catro horas en chegar. A evacuación preparada resulta que é improvi-

sada. O pobo queda deserto e as xentes das aldeas quedan abandonadas nas cunetas das estradas, e cansas de agardar polo transporte dan a volta cara as súas casas.

Despois da traxedia, os pescadores non poden trafegar na zona, e as protestas succédense. O alcalde de Fisterra préstase ó xogo do goberno central e reparte esmolos de dez mil pesetas entre a xente, sen criterio algún e só para que a xente esté tranquila, ademais de sacalo proveito político polo «favor» feito.

Un ano despois..., e aínda non hai nada claro, formouse unha Comisión Investigadora de carácter non oficial que está descubriendo o que oficialmente se ocultou e se negou. Aínda ninguén explicou por qué razón o Gobernador Civil de A Coruña mandou o traslado dos bidóns cara a Lugo, cando a poboación da comarca de Fisterra estaba evacuada, e o máis lóxico era transportalos por mar ó porto de orixe, mais non foi así, e este señor preferiu crear outro foco de tensión co resultado por todos coñecido.

Hoxe o Casón segue embarrancado na costa de Fisterra, e asemella que xa se esqueceron del, mais as consecuencias do conxunto de despropósitos dos responsables políticos da operación aínda non remataron, e ninguén será capaz de esquece-las. Hai que imprimir un sentido ético á vida política para que non acontezan situacións coma as do Casón, onde os políticos non serviron ó pobo e mesmo utilizaron esta traxedia para facer algúns electoralismo.

**XOSÉ F. CARRILLO UGARTE**

**XOSÉ FERNANDO CARRILLO UGARTE**

É o Presidente da Asociación de Veciños «Costa da Morte» de Fisterra e Concellal polo CDS no concello. Exerce de profesor no Colexio de Nosa Señora do Carme desta localidade, sendo membro da Comisión Investigadora dos sucesos do «Casón». É membro da Sociedade Española de Pedagogía.





***“Unha veciña de Fistera cos fillos agarda no Centro de Acolida de Evacuados que lles corresponde, un aloxamento para poder pasar a noite, despois de que o Goberno Civil dese a orde de evacuación da poboación”  
(Foto EFE–Raquel)***

# Cronoloxía dos feitos en Alúmina-Aluminio, San Ciprián

## Sábado, día 12-12-87


Ás 8,45 da mañá chegan os camións cargados de bidóns do barco CASÓN á factoría de Alúmina-Aluminio de San Ciprián (Lugo).

Na entrada da fabrica o Director recibe a carga, momentos máis tarde un membro do Comité entérase por medio dunha chamada telefónica e vai falar co Director de fabrica para preguntar pola debandita carga, despois de confirmar que eran os bidóns do mercante CASÓN o membro do Comité maniféstalle ao Director, que, en caso de que entren dentro das instalacións da factoría podería producirse un conflito, entón o máximo responsábel da empresa en San Ciprián manda leva-los camións ás proximidades da praia de Lago.

A partir deste momento, a Comarca da Mariña entérase do feito e vaise concentrando nas proximidades da praia de Lago. Sobre as 12 da mañá, os alí concentrados, preto de 1.000 persoas deciden facer cortes de tráfico diante do Concello de Xove para protestar polo traslado dos bidóns. Dentro da factoría o Comité de Empresa mantén unha reunión coa Dirección da

empresa, un responsábel de Protección Civil (Sr. Gandoy) e o Gobernador Civil, nesta reunión o Comité pregúntalle ao Gobernador Civil o contido dos bidóns ao que resposta que non o sabe e di textualmente «nos colaron un gol y tenemos que quitarlo por Aluminio como sea», máis adiante outro membro do Comité pregúntalle ao Gobernador como permite a entrada na nosa provincia desa mercancía ao cal manifesta que lle fora «imposto».

Ás 17,30 horas do sábado arriba o barco «Galerno», procedente de Ferrol e queda ancorado preto dos Farallóns, nas inmediacións do porto de Aluminio a espera da autorización da empresa para o atraque. Ás 23 h. chega un telegrama á dirección da empresa co texto seguinte: «Permítase la entrada al barco Galerno. Perfectamente equipado y documentado para cargar los bidones del Casón». A pesar de non ter ningún impedimento para entrar no Porto continuou fondeado no mesmo lugar, informes posteriores aos feitos indicaron que o barco carecía neses momentos de documentación e estaba dotado dun-



*Camiño de San Ciprián (Foto Javier-El Progreso)*

ha tripulación de circunstancias ata o punto de que esta non sabían o que viñan a cargar e cando se enteraron, intentaron abandonar-lo barco, únicamente lograron abandonar tres membros ós que houbo que levar a Estación de Feve de San Ciprián por un membro do Comité de empresa, un destes membros non tiña cartilla de navegación porque non era mariñeiro.

Nunha reunión posterior coa Dirección de empresa o Comité manifesta que en ningún momento impedirá a carga dos bidóns no Porto de Morás pero que o perigo seguía existindo e que polo tanto procedía facer unha evacuación. O Director da factoría en representación da empresa acepta o seguinte plan de evacuación:

1º- Dado que Alúmina xa está en período de reciclaxe por orde da Dirección, procederíase á evacuación do persoal de Alúmina, Porto e Taller Central, e a entrada do Galerno no dique da factoría.

2º- Unha vez en marcha os camións que contiñan os bidóns, procederíase á evacuación da planta de Aluminio, baseándose en que o tempo máximo de toda a operación sería de 3 horas.

3º- Unha vez os traballadores nos aparcamentos exteriores da fábrica, dispoñeríase de autobuses para o traslado a Xove, coincidindo co momento da manipulación dos bidóns. Un membro do Comité preguntalle ao Sr. Moñita sobre o abono dos salarios das 3 horas perdidas na carga dos bidóns ao que resposta, que, non era o momento de falar diso, pero que non ía haber ningún problema.

Durante todo o día hai ameazas por parte do Goberno Civil de que ían entrar os bidóns á forza na factoría. A empresa dá tódalas facilidades e incluso colabora en facer barricadas nas entradas da fábrica. Ás 10,30 h. da noite tense unha reunión entre varios alcaldes da Zona, membros da Coordinadora da Mariña coa Dirección de empresa (Sr. Moñita), Gobernador Civil e un técnico da Universidade de Santiago para buscar unha saída no tema da evacuación dos bidóns da zona; nesta reunión, o técnico explica o contido dos bidóns e di que conteñen formaldehído e cresoles e que non son perigosos, despois de barallar varias posibilidades polos alí presentes, para buscar unha solución ao problema. O Gobernador manifesta que vai analizar a situación e que nos informaría ao día seguinte (estase esperando pola resposta).

### **Domingo, día 13-12-87**

Na mañá do Domingo a poboación segue concentrada preto dos bidóns e seguen as ameazas por parte do Gobernador Civil de entrar na fábrica pola forza. Dentro da factoría o Comité estaba reunido en asemblea permanente. Este mesmo día quedou paralizada a planta de Alúmina de acordo como estaba previsto de acordo coa Dirección. Sobre as 14 horas chega á factoría, o Director de Producción Básica de Inespal (Sr. Monteiro); dúas horas máis tarde volta á factoría, esta vez en helicóptero o Gobernador Civil.

Fóra da fábrica realízanse manifestacións en Viveiro, Foz e Xove para pedirla rápida evacuación dos bidóns da zona. Sobre as 10 da noite, os alcaldes da Mariña toman a decisión de ir pecharse ao Goberno Civil para pedirla dimisión do Gobernador.

### **Luns, día 14-12-87**

Continúan as barricadas en Xove, Burela e Viveiro. Os alcaldes de Lugo fan un chamamento para que se deixe evacuar os bidóns na factoría.

Ás 10 desprázanse os camións que conteñen os bidóns para ser descargados no dique norte da factoría, nese momento o Comité de empresa baseándose no artigo 19.5 do Estatuto dos Traballadores, manda evacuar a factoría ata que se produza a carga dos bidóns. Despois de que os traballadores abandonaran a fábrica, 48 membros de función directiva fanse cargo das cubas de electrólise. O Comité ofrécelle á Dirección de empresa 16 traballadores (50%) dos servicios mínimos pedidos pola empresa, coa salvedade que no momento de escomenzar a manipular a carga evacuaríase aos 32 traballadores (16 de función directiva) nun autocar. Despois de haber un acordo co Director da factoría (Sr. Moñita) no sentido antes sinalado, Monteiro (Director de Producción Básica de Inespal) decide romper o acordo dicindo que hai que entrar todos a traballar ou ninguén e insultando ao Presidente do Comité. Fóra da fábrica, os camións voltan a onde estaban estacionados. Ás 18 horas entra o Galerno no porto e atraca na zona de Morás para efectuar a carga ás 18,30 horas.

Ás 21,30 horas queda rematada a operación de carga e a continuación sae do porto e queda fondeado. Unha vez finalizada a carga os traballadores que estaban en Xove voltan á factoría á

espera de que a Dirección comunique por escrito a non existencia de perigos derivados da manioobra, e que non se producirían represalias aos traballadores, que o barco non volvería ao porto da factoría e que os días perdidos lles fforan retribuídos.

O Comité pídelles á Dirección o seguinte:

1º- Ningún tipo de represalias contra dos traballadores.

2º- Certificado do Gabinete de Seguridade e Hixiene conforme se podía entrar a traballar sen ningún tipo de perigo.

3º- Un compromiso de que o barco non voltaría á dársena do porto.

4º- Que non se lles descontara nada aos traballadores.

A empresa di que non garantiza nada e que non dá nada por escrito neste sentido. Os traballadores continúan reunidos en Asamblea permanente ata novas noticias.

### **Martes, día 15-12-87**

Os alcaldes de Xove, Viveiro e Foz din que se fan cargo dos salarios de tódolos traballadores dos días perdidos.

Este día pola mañá concéntranse veciños de toda a Comarca da Mariña nas inmediacións da factoría para solidarizarse cos traballadores. Segundo a empresa a serie A quedou sen tensión as 10,30 horas da mañá, a serie B ás 20 horas. Desde as 16 horas o Delegado de Traballo de Lugo fai de mediador entre Comité e empresa, nestas negociacións a empresa propón o seguinte:

1º- Que non habería sancións nin represalias contra dos traballadores pero si expediente informativo para os membros do Comité.

2º- 50% dos salarios perdidos.

3º- Que non podían garantir que o barco non voltaría ao dique da factoría.

O Comité acepta o seguinte:

1º- Acepta expediente ao Comité en función das súas responsabilidades pero en ningún momento penais.

2º- 100% dos salarios pero que podían ser pagados na nómina do mes seguinte, en base a recoñece-los nosos dereitos baseados no artigo 19.5 do Estatuto dos Traballadores.

3º- Pedíase por escrito que o barco non voltaría ao dique, pero manifestaron que este pun-

to non sería de discusión se chegaban a acordo no resto.

Cal sería a sorpresa do Comité cando a empresa di que o expediente aos membros do Comité non se podía negociar, e rebaixaba a 25% o pago dos salarios; a partires de aquí non volve a haber ningún tipo de negociacións.

A Dirección comunica ao Comité que a electrólisis é irreversible a partir das 10 da noite. O Comité pide unha reunión coa Dirección de Madrid para sabe-la situación dos traballadores e das instalacións, pero a Dirección negase a calquera tipo de negociación.

### **Mércores, día 16-12-87**

A Dirección solicita ao Comité os servicios mínimos para a planta de Alúmina mediante cartas e medios de comunicación (radio). Pola tarde o Comité reúnese cos asesores xurídicos para vela situación na que se atopaban os traballadores. Membros do Comité e asesores xurídicos manteñen unha reunión coa Dirección na que estaba presente Lavandeira, alto cargo de INES-PAL. Nesta reunión a Dirección di que permite só o acceso aos traballadores da planta de Alúmina, porque de entrar en Aluminio produciríanse máis problemas nas instalacións. A parte social plantexa o seguinte:

1º- Ningún despido.

2º- Aceptación de negociación da regulación de emprego.

3º- O Comité acepta as sancións en función das súas responsabilidades pero en ningún momento penais.

A Dirección dá lectura a un telegrama do Parlamento Galego que di o seguinte: "En función da importancia do grave problema apela á boa vontade por ámbalas dúas partes para solucionar-lo problema". En asemblea as 9,30 h. acórdase entrar a traballar en tódolos departamentos da factoría, incluído as naves de electrólise. A entrada prodúcese ás 11 da noite. No momento de entrar érguese acta notarial das temperaturas das cubas e estado de útiles de traballo, verificándose que as cubas podían ser recuperables por medios normais. Os útiles estaban pechados con candados. Tamén cabe dicir que no intre da entrada, a Dirección corta o fluído eléctrico que alimenta ó alumbrado, deixando a escuras tanto as naves como vestuarios.



*(Foto M<sup>a</sup> Xosé de Bueiro)*



*(Foto Tejero-El Progreso)*

A Coordinadora da Mariña acorda facer unha concentración en Burela o día 17 e convocar folga xeral para o día 18 en apoio dos traballadores de Alúmina-Aluminio.

### **Xoves, día 17-12-87**

O deputado de B.N.G., Xosé M. Beiras Torrado chega á factoría e entérvistase coa empresa e co Comité. Despois desta reunión vai a Mondoñedo a presentala denuncia no xulgado contra da empresa por peche patronal.

O Comité, reunido en pleno, acorda enviar escrito por medio do seu presidente á Delegación de Traballo. Este mesmo día morre en accidente de tráfico un rapaz que viña para a concentración de Burela mentres no interior da fábrica os traballadores continuaban en asemblea permanente e acudían veciños de toda a Comarca a solidarizarse cos traballadores. Ás 7 da tarde preto de 3.000 persoas concéntranse en Burela. A Dirección de Aluminio dá orde de que os traballadores das empresas auxiliares non realicen ningún traballo porque teñen cancelados os contratos.

### **Venres, día 18-12-87**

Folga xeral na Mariña secundada ao 100% nos Concellos de Viveiro, Xove, Cervo e Foz, moita menor incidencia en Barreiros e Ribadeo. O presidente do Comité presenta denuncia na Delegación de Traballo por impedimento que a actitude empresarial supón para o normal desenrolo da actividade laboral. Ás 5,30 horas escomenza unha asemblea para informar de tódolos acontecementos ata a data, pídesse un minuto de silencio pola morte dun rapaz producida o día antes e dá as grazas a todos os alí concentrados e ao resto da Mariña polo apoio recibido por par-

te do presidente do Comité de empresa de Alúmina-Aluminio.

### **Sábado, día 19-12-87**

Xuntanza do Comité co Secretario Xeral do metal de CC.OO. Fernández Tojo. Analízase a situación que provocou o conflito e tírase en conclusión que o INI xunto coa empresa, quería dar un escarmento ao movemento sindical e un novo castigo a Galicia. Ás 17 horas chega o Deputado do PSG-EG, Camilo Nogueira e mantén unha reunión coa Dirección e Comité, en asemblea. Nogueira di que a empresa actúa de chivo espiatorio e que todo era un castigo a Galicia. Quedou de presentar unha interpelación parlamentaria para pedir responsabilidades ao Goberno Galego. Durante todo o día a xente da Comarca acudía a solidarizarse cos traballadores.

### **Domingo, día 20-12-87**

Séguese en asemblea permanente, ás 16 horas réunese co Comité e coa Dirección, Cándido Sánchez Castiñeiras, portavoz de Coalición Galega, manifestando que traía unha versión equivocada dos feitos, posicionándose a favor dos traballadores.

### **Luns, día 21-12-87**

Aos traballadores das auxiliares comunícaselles verbalmente que a Dirección de Aluminio cancelou os contratos coas respectivas empresas. O Comité está a archivarlos despidos e expedientes para remitirlos á empresa por defecto de forma.

Envíanse telegramas á Dirección, Ministerio de Industria, Xunta, INI e Federacións do metal dos distintos Sindicatos e un requerimento ao Delegado de Traballo para forzar as negociacións entre Comité e empresa.

*Estudo feito por un grupo de traballadores de Alúmina-Aluminio.*



*Chegada a Alúmina-Aluminio. (Foto Tejero-El Progreso)*



*“Outra imaxe das barricadas erguidas en Guitiriz para impedir o paso dos bidóns tóxicos” (Foto Álvarez)*



*“O camiño ata o campamento de Santa Cruz de Parga estaba sementado de obstáculos, froito da unión da xente” (Foto Álvarez)*

## 25 anos despois

# Seguimos facendo memoria dende a nosa creatividade

Dende fai unhas semanas Xermolos está a vivir este aniversario dende varias plataformas que inzan en creatividade:

### I.- A PALABRA

Xermolos colgou nas redes sociais varias fotos do que aconteceu naqueles días en Guitiriz, Mesón da Cabra, Ponte de Bueiro..., e vari@s veciñ@s responderon coas súas mensaxes, algúns que agora residen fóra. Son moitas, e só publicamos algunhas:

**Galiza Nova Costa da Morte:** A Asociación Xermolos de Guitiriz tamén lembra o afundimento do Casón con varias actividades. De andar por alá, non o perdades.

**Asociación Arela:** Nestes días a Asoc. C. Xermolos de Guitiriz organiza distintas actividades para conmemorar os 25 anos do levantamento popular desta vila contra o paso dos bidóns do Casón camiño do porto de Alúmina en San Cibrao. Unha moi boa oportunidade de recuperarmos a memoria e de non perdermos a dignidade. Parabéns, compas!

**Asemblea de desempregados-as da Cig:** PARABENS ós compañeiros da A.C. Xermolos.

**Pastora Veres:** Fai xa anos en Guitiriz fixemos historia parando os bidóns do Casón. Non me vexo pero aí estaba correndo diante destes fulanos armados.

**Dioivo Galiza:** A Asoc. C. Xermolos organiza unha serie de actividades para conmemorar os 25 anos da heroica resistencia do pobo de Guitiriz contra o almacenamento da carga do Casón no campamento militar de Santa Cruz de Parga.

**Francisco Javier López Rodríguez:** Como apuntaban os de verde! Eu librei, pero meu primo Xan levou un recordo nunha cacha uns días...



(Foto Álvez-El Progreso)

**Xosé Anxo Grandío López:** Guitiriz. Decembro de 1987.

**Luchinha:** En Guitiriz sempre fostes moi de atravesar os tratores polos camiños... Moi atravesados sodes!

**Xosé Anxo Grandío López:** Home, veñen todos chulos coas grilleiras pois sacamos os tratores.

**Juan Luis Tomé Sanjiao:** Moitos recordos daquela noite e da posterior xornada de loita. Quédome con un en particular. Ver o noso pobo unido por un fin.

**A Burla Comunicación:** Todas as desfeitas están de aniversario. Prestige, Casón, Mar Egeo... e os antidisturbios, como sempre, apuntando as pelotas de goma contra a conciencia cívica.

**Karlos Barral:** Orgulloso do meu pobo! Para pelotas de goma as nosas, lembrádevos de SIDEGASA e compañía.

**Marian Miraz:** Foi a primeira e única vez que o concello foi UN. Xa non só por riba de ideoloxías políticas, senon por riba de localismos. Con 14 anos vin por primeira vez a intervención dun antidisturbios sen importarlle a idade dos que presenciaban os seus actos; no Mesón da Cabra aos meus pés caeu Gelín logo de descargarlle un porrazo na cabeza con toda a rabia que solo un can de pelexa pode descargar.

**Juan Luis Rodríguez Seijas:** de azul ,verde ou marron seguen repremendo ó pobo.

**Juan Luis Tomé Sanjiao:** aqueles antidisturbios viñan de estar longo tempo en Riaño (León), pola execución do encoro, que atopara moita repulsa daquel pobo. Precisamente fora no 1987 cando pecharan as comportas para encherse. Falando de encher, os meus propios ollos puideron ver como dentro das grilleiras dos antidisturbio levaban provisións de licores para combatir o frío e ós paisanos. Nunca me olvidarei de como comenzou todo (pra min). Alguén chamou ó meu pai dende Santiago pra advertir da intención de trasladar os camións a Sta Cruz, saímos os dous da casa e fumos onde D. Manuel o cura para que tocara as campás en sinal de aviso a xente (parece ser que antigamente facíase así para xuntar os veciños en caso de necesidade), logo andivemos polo pobo co coche avisando a moitos que non estaban enterados. A primeira barricada a fixemos esa noite preto da Renault. Sí, nos meus 40 anos foi a única vez que vin a Guitiriz unido.

**Faustino Tino:** Que recordos, todo un exemplo un pobo donde naqueles momentos non importaba ser de dereitas, de esquerdas, do centro ou nacionalista.

**Faustino Tino:** Por certo estaba lembrando e teño na retina unha imaxe moi curiosa: a Celia a que tiña o quiosco no Curro Vello zarandeando a un anti disturbios jajajaja, que grande era aquela muller. Menudos ovarios que lle bo tou

**Rocío Fanego:** así me gusta mama!! Dándoo todo.

**José Manuel González Paz:** JAJA E DESPOIS ETRAÑASTE DO QUE FAI A XUVENTUDE ISA!!!!

**Goretti Recio Paz:** cos de Guitiriz non pode naide...

**Susito de Parga:** Un pobo unido xamais será vencido, todo un exemplo si señor!!!



**Mónica Paz Ferreiro:** que gran verdade..., un pobo unido xamais será vencido!!!!

**Ana Rosende:** q pena q eso a dia de hoxe xa non se leve a cabo..

**Lolo Fernández López:** Acórdome ben, todo un concello contra un exercito de policías.

**Mónica Paz Ferreiro:** Exemplo de unión entre veciñ@s loitando por un obxectivo común! Sen diferenzas!!

**Ezequiel Orol:** ahí estiven eu...

**Vilar Lopez Valexo:** Eu tamen aí subido ó muro, que despois tocou correr. Vaia pelotazos non me deron.

**Mónica Fernández Rodríguez:** Aínda me lembro desto, estábamos en 1º de BUP. Guitiriz parecía a cidade sen lei... como pasa o tempo! Un saúdo

**Vilar Lopez Valexo:** Ostia si pasa..

**Mónica Paz Ferreiro:** siiii! Eu tamén me acordo perfectamente... A resposta inmediata da xente e a colaboración unánime de tod@s@s veciñ@s! Algo inesquecible!! Un saúdo. Mónica

**María Quintela:** Aínda lembro a Alfonso no seu Fura percorrendo as rúas pola noite avisando á xente por megafonía!!!

**María Quintela:** E si, estabamos en primeiro de BUP, eu lembro que facendo unhas láminas de debuxo lineal co tiralíneas :)

**Mónica Paz Ferreiro:** Ezequiel! E ti como estabas aí? upoño q apoiando e loitando polo obxectivo común.

**Conchi Vila Alonso:** Tal vez foi a primeira vez que o noso pobo estivo unido na loita. Lástima que tal vez fose tamén a última.

**Mercedes Otero Otero:** Tal vez non sexa a última; coas que están caendo... precisamos uns aos outros.

**Rocio Vázquez Martínez:** E aínda q pareza incríbel, os antidisturbios, eran máis humanos q os d agora.!!!

**Conchi Vila Alonso:** Buenoooo, é que ti eras pequena e non te acordas. Se eu te contara...

**Rocio Vázquez Martínez:** hahahaha, e q eu recordo unha festa na entrada do pobo, q non vexas, pero non recordo cargas policiais grandes.

**Mar Beres:** Xa pasaron 25 anos, as forzas de seguridade, armados ata os dentes... Non puideron con Guitiriz... Nós tamén tiñamos armas, a unión, o coraxe de protexernos e as ferramentas de labranza das nosas palleiras... Non puideron facernos tragar os bidóns do Casón... Gracias Juan Carlos, bicosssss...;)

**Juan Carlos Alonso Miragaya:** Non hai mellor forza, que a unión e o coraxe...Bico

**Josu Fo Va:** O pobo era un.....Non como agora...Que tempos

**Jose Manuel Miragaya Iglesias:** Lembro perfectamente pola noite tocando as campás da igrexa e un coche con alt falantes avisando á xente. E durante eses días os meus pais turnándose para ir cortar a carretera. Lembro coma unha sensación de medo e de non saber que pasaba pero era algo malo. Visto en perspectiva creo que foi das poucas veces que non houbo nin Parga, nin Guitiriz, nin Vilares, nin Buriz. Saiu toda a xente a defender o noso concello, unida. Todo na vida ten unha parte positiva.

**Jose Manuel Miragaya Iglesias:** Por certo, fai un par de anos fun por primeira vez a Fisterra e no peirao conservan a áncora do Casón. Colgarei a foto...

**Manuel C. Santamariña:** Unha fermosa (pola espontánea e multitudinaria participación do vecindario) xornada de loita contra o despropósito dos gobernantes.

**Manuel Estraviz Castro:** Seguro que todos recordamos aqueles días de loita e de gran unión entre todos!!!! INOLVIDABLE COMPORTAMENTO!!!!

**Pastora Veres:** Eu estaba aquí escapando das pelotas de goma!!

**Francisco Xabier Gil Vázquez:** Carallo, falamos das de agora, pero naquela altura aínda menos se andaban con chiquitas. Eu era adolescente e pensaba no 87 que entre ese ano e o franquismo había un abismo de tempo, pero a realidade é que o 2012 segue a ser o post franquismo.

**María Quintela:** Case nos tocaba un antidisturbios por cabeza!! E zurraban duro, abofé que si. E había bastantes menores de idade pero iso non semellaba ser un gran problema tampouco

**Antón Dobao:** Sempre na mesma. E nesas seguen...

**Josu Fo Va:** Algún ata apunta e todo...Todo segue igual...pasou o tempo...pero non pasan os políticos mediocres

**Keta Caravaca:** Foi o «caso casón» por un tema de residuos nucleares que querían levar ó campamento e os veciños subleváronse...

**Josu Fo Va:** Despois de 25 anos,,, Todo está a seguir da mesma maneira....Correndo a escapar da sen razón....

**O Labrego Baamonde:** Nos pisos de atrás vivía eu. Aínda recordo o paso dos barriles co fuel iiii Con 5 anos quedeime acongojao iiii

**Maricarmen Paredes Hermida:** Así k sacándote anos aaaamigo tiñas 7 iiii é xusto a foto diante do noso piso.

**Jorge Montero Moro:** Esto tamén sucedeu no noso barrio. Grande Curro Vello!.



*Siro-La Voz de Galicia-12/12/1987*



*“Os veciños son obrigados a abandonalas barricadas erguidas durante toda a noite, como esta á entrada de Guitiriz” (Foto Álvez)*

**Lolo Fenández López:** Que exemplo demos, unha comarca unida, con un solo fin, non quere-mos os bidóns, esta unión triunfou.

**Cao De Mos:** magoa da distancia....

**Rocío Vázquez Martínez:** guau!!!!!! q tempos, para non olvidalos!!!!

**Karlos Barral:** Viva o meu pobo! Guitiriz en loita nos oitenta!

**Manuel Estraviz Castro:** Que momentos tan inesquencibles!!!! Que demostración de unión e de forza!!!!

**Suso Barreiro:** Aínda parece que foi onte cando levantá-bamos as barricadas en Guitiriz, e logo no Mesón da Cabra, así como as cargas policiais para pasar ó campamento. Así coma o posterior xuízo ó que asistín coma testigo e que por certo remataron ben, non coma os compañeiros do comité de Alúmina-Aluminio.

**David Otero Fernandez:** MOITAS FELICIDADES POLA IDEA...UN FACER DE POBO E NECESARIO... DE CERNE E DE POR DENTRO... ADIANTE MEUS... QUE SODES NOSOS... A XERMOLAR SEMPRE...

**Juan López Canosa:** si, si e hoxe temos ó culpábel da desfeita como Alcalde en Vigo, e nós apoiándoo no goberno municipal a este impre-sentable. Hai cousas que sijo sen comprender.

**Juan Carlos Paz Saavedra:** Unha das grandes estupideces tomadas pola clase política direxen-te, que hoxe aínda non explicaron.

**Iván Vázquez Seijas:** o meu 717 fixo historia co Casón, foi un deles. Onde andará o meu tractorico? Onde irá xa?

**Isa Monterroso Miragaya:** eu acórdome dese tractor, escapei coa matrícula, xunto con outro chico, e os picoletos corrían detrás de nos.



(Foto Álvarez)

## ELPROGRESO

### Guitiriz 1987: días de revolución

04/12/2012 - Cristina Pérez / El Progreso (Guitiriz)

Naqueles días, en Guitiriz non houbo diferencias, « nin dereitas nin esquerdas, nin ricos nin pobres, foi todo o pobo un», cun obxectivo, parar os camiáns que transportaban unha parte da carga do Casón, máis importante que calquera individualidade.

Aínda hoxe perduran as dúbidas sobre a clase de produtos químicos que transportaban hai 25 anos aqueles bidóns, decorados cunha caveira, que trazaron todo un viacrucis esperpéntico, cunha protección mínima, dende Fisterra ata Cervo, cunha ruidosa e máis ca polémica parada en Guitiriz.

«Daqueles días quédome co sentido común, coa capacidade de organización e con que se logrou bloquear a posible violencia da comarca contra unha restrita de desastinos», precisa o coordinador de Xermolos, Alfonso Blanco, convertido naquel decembro do 1987 no voceiro —«endexamais actuei só, tanto co gobernador civil coma nas asembleas cos veciños, actuouse en equipo», precisa— de toda unha revolución popular en Guitiriz para frear os tres camiáns que transportaban bidóns do cargueiro Casón cara ao campamento militar de Santa Cruz de Parga.

**Opinión Libre:** Eu era aínda un rapaz cando sucedeu isto, acórdome perfectamente do sucedido, aínda que por aqueles intreos non lle prestaba moita atención ó tema, cos anos funme documentando un pouco. Nesta humilde opinión, reflexou un sentir e unha forza de unión que ó pobo galego moitas veces nos falta.

**Teresa mm:** Unhas xornadas inesquecibles, pena que tivesen que pagar por todo isto quen non tiña culpa ningunha. As persoas que realmente tiñan toda a culpa están hoxe ocupando sillóns moi cómodos. Sentímolo polo comité de empresa de Alcoa. Esperemos que algunha vez poidamos ver libres de culpa ás persoas que non tiveron culpa neste conflito.

**Jose Miragaya:** Orgulloso de como todas as persoas do concello de Guitiriz loitaron unidas, sen ter en conta ideas políticas nin localismos, todos e cada un dos que acudiron pensaban no ben común. Creo que é un exemplo que todos temos que ter presente. E como non, Alfonso Blanco dando a cara e intermediando, este concello endexamais poderá agradecerche todo o que fixeches por él. Grazas a todos os heroes anónimos que participaron nesa «revolución».

## II.- AS COPLAS:

### O CASÓN

Vouvos contar señores...  
 Hai que prestar atención!  
 Mandáronos vir de Holanda,  
 que os trouxo o barco Casón...  
 Mandáronos *prá* Coruña,  
 tratos do gobernador.  
 Xa estaba ben *enterado*.  
 Se non tivera comisión  
 devolvíaos de contado.

É unha vergoña *pra* España,  
 se che recolle os bidóns.  
 Veñen cheos de gas tóxico,  
 Que os mandan doutras nacións.  
 Se recollen os bidóns,  
 o que os manda desengana,  
 só lle falta limparse  
 coa bandeira de España.  
 Non queremos os bidóns,  
 nin queremos facer trato!  
 Toda a xente se intoxica,  
 non queda nin can nin gato.  
 Os bidóns teñen gas tóxico,  
 na Coruña non os queren,  
 xa non os debían coller.  
 Desaloxaban a xente.  
 Onde se habían meter?  
 Se non os quitan de alí,  
 a cabeza perigaba.  
 Toda a xente que intoxica,  
 veña toda *prá* furada.  
 Xa chos mandaron *pra* Lugo,  
 porque che é outro tan bon.  
 Encargouse dos bidóns,  
 tamén tiña comisión.  
 Mandáronos *pra* Santa Cruz de Parga,  
*pró* campamento militar.  
 Toda a xente se repuxo  
 non os deixaban pasar,  
 con coches e tractores  
 atrancaban a carretera,  
 e gardas e policías,  
 alí parecía unha guerra.

O cura que é don Alfonso  
 tornouche do campamento,  
 non quixo alí os bidóns,  
 nin por fóra nin por dentro.  
 Un veciño que che temos  
 moito axudou a tornar,  
 mete o rabo no furado,  
 xa non podía soprar.  
 Agora, que busquen votos  
 quen lles aproba eses bidóns,  
 outros tantos han ter eles,  
 cando haxa as eleccións.  
 A procesión éche larga,  
 non se viu outra coma ela,  
 desde a Coruña ata Lugo,  
 desde Lugo ata Burela.  
 Na fábrica de aluminios  
 os obreiros traballaban,  
 e non tiñan culpa de nada,  
 meteron dentro os bidóns  
*pra* que a xente marchara.  
 Se acertan a explotar,  
 mira que gobernadores  
 gobernaban toda España  
 en pouco tempo, señores.  
*Pra* si fálanche moi ben,  
 pero a xente non se che engana,  
 cos feitos que fixeron  
 promoveron toda España.  
 Aquí se acabou o conto  
 dos bidóns que son de Holanda,  
 tiveron que vir por eles  
 e algúns quedaron en España,  
 o conto xa se acabou  
 non teño máis que contar,  
 agora que vou vella  
 xa non as fago cadrar.  
 Por vir insultar a España  
 xa lle fixen esta historia,  
*pra* que quede de recordo  
 aprendan esta de memoria.



*“A Requecha, cantora popular”  
 (Foto Raúl Río)*

### XOSEFA CABADO

É unha veciña de San Salvador de Parga, que conta con 92 anos, e dende nova fai coplas

sobre o seu entorno e os acontecementos que está a vivir. Xermolos está preparando unha colleita destes versos.

### III.- A CELEBRACIÓN DA UNIÓN DO POBO A PROL DA SAÚDE E DO MEDIO AMBIENTE, do 12 de decembro a 12 de xaneiro.

#### 1.- A achega ás desfeitas do noso mar.

O día 12 de decembro, no mesmo día no que se cumprían 25 anos da evacuación dos bidóns da nosa comarca, ás 19, na Casa Habanera, tivemos un acto de memoria dos 25 anos do Casón e dos 10 anos do Prestige coas seguintes actividades:

\*Presentación do libro: “Prestige. Tal como foi, tal como fomos” de Xosé Manuel Pereiro, Presidente do Colexio de Xornalistas de Galicia, cando o Casón informante de El País. O xornalista contou con todo detalle o seu labor coma profesional neste drama do Casón. Non só seguiu o paso deste desatino, tamén coñece a fondo outras desfeitas marítimas.

No acto interveu o editor Antón Lado, natural da costa (Louro-Muros), que relatou a súa vivencia do Casón dende a zona do embarrancamento.

Xermolos, sempre uniu a desfeita do Casón ós riscos que está a sufrir o noso mar con estes transportes. Por iso, nesta celebración fixemos varias aproximacións á ignominia do Prestige.

\*Proxección do video: “Casón 1987”, producido por Antón Reixa en colaboración coa TVG.

Xermolos viviu a fondo a desfeita do Prestige, organizamos viaxes semanais de voluntari@s a limpar as costas, e actos de solidariedade como a organización en Guitiriz, igual ca noutras cidades e vilas de Galicia, dun acto no 1º Concerto Expansivo organizado por Burla Negra en Febreiro de 2003.



*“Presentación do libro Prestige de Xosé Manuel Pereiro, presidido por Óscar López-Felpeto Beres e Xoel Santamarina”  
(Fotos Kantero)*



Ás 13 horas, na Casa das Palabras,

**\*Dende a imaxe:** presentación do video do Paso do Casón por estas terras, de Paco Ja.

**\*Dende a palabra:** Presentación da reedición da Revista Xermolos publicada no 1º aniversario, maquetada por Xosé Antonio Arias.

**\*Dende a música:** Actuación musical de Mini e Mero



*Mini e Mero*



*Bloquinho de Xermolos*



*Sons das Aldea*


Ás 14,30, no Hostal A Casilla,

**\*Dende a gastronomía e a festa comunal:** homenaxe a todo o pobo que participou naquela iniciativa común, coa actuación dos grupos de música Sons da Aldea, Bloquinho de Xermolos e Caivanca.

**\*Dende a fotografía:** Exposición de Fotografía de Pepe Álvez, na Casa das Palabras, dende o 12 ó 12. Este reporteiro gráfico, que traballa para El Progreso, xa foi na Revista de Xermolos –1ª edición– “artista convidado” coa súa colleita fotográfica.



*Caivanca*



*“Paco dos Bloques avisando á xente co altofalante dunha assemblea no Mesón da Cabra” (Fotos Álvez)*



**\* Dende as artes plásticas: COMUNICADO DA ASOCIACION XUVENIL XERMOLOS:** As mozas e mozos de Xermolos decidiron nomear a **Alfonso Blanco “Veciño Necesario da nosa Comarca”**, tal como explican estes dous membros:

Xosé Antonio Arias, un dos coordinadores de Xermolos:

*Foi nas vísperas do Festival cando Alfonso chegou á biblioteca coa novidade de que tiña que ir a unha cea a Compostela, sen saber moi ben en que consistiría o acto ó que ía acudir. Aproveitando a viaxe, Santi e eu fomos levalo ata a Casa Grande do Bachao, onde foi ben recibido por Tucho Calvo e unha pila de xente que estaba darredor da casa onde era a cea, e logo fómonos á cidade de Compostela a pegar carteis do Festival.*

*Xa rematáramos de colocar carteis nos poucos lugares públicos nos que isto está permitido, e en moitos dos locais da cidade, cando Alfonso nos chamou moi emocionado polo que lle acababa de acontecer: o acto era para entregarlle o premio “Colaborador necesario da nosa Cultura” pola Asociación Pazos de Galicia e a Casa Grande de Bachao.*

*Xa no viaxe de volta, Alfonso aínda emocionado, veunos contando toda a xente que estaba no acto e a presentación coa que lle fixeron entrega do premio.*

*A organización comunicou ó día seguinte:*

*“O premio ao Colaborador necesario da cultura que este ano recibiu Alfonso Blanco Torrado, é un premio que concede a Asociación Pazos de Galicia (de casas de turismo rural) que preside Javier Goyanes, da Casa Grande de Bachao, lugar onde se fai a cea literaria de entrega. Esta foi a cuarta edición, na que se lle entrega ao premiado unha escultura de Luís Loureira, Raias de silencio. O premiado non se coñece ata o momento da entrega do premio, sempre no mesmo acto dos premios literarios “Biblos-Casa Grande de Bachao”. Nos anos anteriores foron recoñecidos co premio ao valedor necesario no campo da cultura: o escritor e xornalista Tucho Calvo, Director de Biblos, Xosé Couceiro, libreiro de Santiago, e o exconselleiro da Xunta de Galicia, Victor Manuel Vázquez Portomeñe, pola posta en marcha do Xacobeo, en 1993”.*

*“Antes de se servir a cea e da actuación do dúo formado por Dorothea Nicholas, violín da Orquestra Sinfónica de Galicia, e Fernando Gra-*



*cia Gómez, profesor de frauta no Conservatorio Profesional de Música da Coruña, deuse a coñecer o gañador do 4º Premio á Colaboración Necesaria coa Cultura, que organiza a asociación Pazos de Galicia. O galardón correspondeu a Alfonso Blanco Torrado, no que se recoñece un traballo de décadas tanto no campo social como na cultura de base, en especial en varias parroquias do concello de Guitiriz”.*

*“Nun ambiente ateigado de agarimo transcorreu unha ceavelada literario-musical, na que participaron creadores de todos os eidos da cultura, as artes e a ciencia do país, entre outros os académicos da lingua, Alfredo Conde e Euloxio Ruibal; escritores e poetas coma Xulio López Valcarcel, María Xosé Queizán, Xesús Rábade Paredes, Helena Villar, os sete premiados das edicións anteriores co Premio Biblos: Iria López Teijeiro, Alberto Ramos, Patricia Casas, Berta Dávila, Pablo García Martínez, Elena Veiga e Iria Morgade; o profesor e voceiro da USC, Loís Celeiro, xornalista, e Antonio Valle Arias, profesor da Universidade da Coruña; xornalistas coma a chairega Carmen Prado Pico, Concha Pino, Chus Valdés... Tucho Calvo, xornalista e escritor, Director Literario de Biblos Clube; os profesores da Universidade de Santiago, Xosé Ramón García Menéndez e María Muñoz Cadavid. Manuel Pumarega Vergara, médico. Luís Mendoza, responsable do Instituto Xeofísico de Santiago e Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores Galegos.*



*O mundo da música estivo representado por Dorothea Nicholas, Fernando Gracia Gómez, profesor de flauta no Conservatorio de A Coruña, Maximino Zumalave, Director da Real Filharmonía de Galicia, Nani García, pianista, compositor e produtor musical*

*Os directores de cine Jorge Coira e Ignacio Villar, e o produtor cinematográfico e guionista Pepe Coira.*

*Os pintores Jesús Núñez, Antón Lamazares, Alfredo Erias, Xoti de Luis... As actrices Inés Cuadrado e Ánxela G. Abalo. Gustavo Pernas, dramaturgo, actor e director teatral. O escritor e Director de Galaxia, Víctor Fernández Freixanes, Luís Álvarez Pousa, Director da revista Tempos Novos... Así coma os membros da directiva da Asociación Pazos de Galicia” (Xosé Antonio Arias).*

Sandro Otero un dos coordinadores de Xermolos:

*“Xa en Guitiriz, de madrugada, o premio de Alfonso foi celebrado por algúns que o agardábamos nos locais de Xermolos. Non só acariciamos a fermosa escultura, alongamos na noite o repaso a aquela xesta do Casón, que era a conversa que traguían Santi e Xosé Antonio, dende a cea de Compostela. Daquela decidimos, aproveitando os 25 anos do Casón, facer algo semellante ó que Alfonso viveu en Santiago, agora entre nós, e decidimos entregarlle a distinción VECIÑO NECESARIO DA NOSA COMARCA.*

*Cando chegou o Casón, foron varios veciños de Parga, Guitiriz..., á Biblioteca, a falar con Alfonso, daquela acompañado por Paco dos Bloques, para que mobilizase á xente contra os bidóns, el sempre se considerou un veciño máis, e mesmo cando lle preguntaron para pór un subtítulo nunha gravación posterior, agora colgada en internet, respondeu algo así: “un veciño de Guitiriz”. Pero, o feito é que coordinou varias das actividades daquel momento, coma un máis, tanto o alcalde como o Teniente Coronel Dopico, que daquela se encargou de entreter ó gobernador militar no Mesón, pedíronlle que se puxese á fronte, e así foi, por iso neste 25 aniversario temos este detalle con él. A escultura é dun escultor canteiro, Ramón Villar que tamén daquela se implicou na mesma loita do Casón.*

*Para a mocidade Alfonso transmítenos a memoria, as raíces, a nosa cultura e historia, e este*



*agasallo é un alento para que siga neste camiño. Gracias Alfonso”. (Sandro Otero).*

**A Asociación de Pazos de Galicia** está constituída polos Pazos da Trave de Viveiro, o de Terrafeita de Trabada, o de Souto de Carballo, o de Sedor de Arzua, o de Lestrove de Dodro, o da Hermida en Lestrove, o de Eidiánna de Agolada, o da Buzaca en Moraña, o de Castro no Barco de Valdeorras e o de Touza en Nigrán... As Casas Grandes de Soutullo en Coles, a de Rosende en Sober, a de Bachao en Santiago, a de Fervenza no Corgo, a de Cornide en Teo, a de Ferreiría en Quiroga, a Casa Solariega de Cervantes, o Mosteiro de Aciveiro de Forcarei, as Retorais de Fofe-Covelo, Cobres-Vilaboa, Anllo-Sober, Cines-Oza dos Ríos.



**Alfonso recibindo o Premio Colaborador Necesario da Nosa Cultura.**



*“As forzas de orde foron facendo camiño, a pesares dos moitos atrancos” (Foto Álvez)*



*“A resistencia dos veciños foi forte, ante o que era un abuso de poder” (Foto Álvez)*



Foto de Alvez que dou a volta o mundo, coma un flash daquel once de Nadal no Mesón da Cabra.

Dep. Legal: C-991-82. Imprime: G. Viana - Lourenzá (Lugo)

**SON 40 PESOS**